

Silvia e Celso desafían a crise bailando

Por fin
aprobouse o
Plan Xeral de
Urbanismo

Páxina 6

A carreira "10 Q
Fast Race"
entre Salvaterra
e As Neves

Páxina 10

A Copa da Raiña
de balonmán
celebrarase
en O Porriño

Páxina 16



Páxina 4



*Latorta auténtica
siempre
en la caja roja*

OFERTA ESPECIAL

Latorta

MULTICOLOR



C/ Paseo Matutino, 25 - Ponteareas - 986 18 24 84 - 604 05 39 04 (Susi - Manoli)



Latorta Café Ponteareas



Parking Gratuito

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Chega a Ponteareas a segunda edición da ToyotaIbericar Auto EnduroMtb

Unha proba para os amantes da bicicleta de montaña que terá lugar os días 20 e 21 de febreiro no monte da Picaraña

Xa está aberto o prazo de inscrición a través desta ligazón. O monte da Picaraña servirá como circuíto de competición durante os vindeiros días 20 e 21 de febreiro da ToyotaIbericar Auto Enduro MTB, unha mo-

dalidade enmarcada no ámbito da bicicleta de montaña que se sitúa nun punto intermedio entre o cross country e o descenso.

O percorrido transcorrerá por terreos tales como pistas, camiños, sendei-

ros, bosques ou estradas asfaltadas. O Club Ciclista XtremBike é o organizador dunha proba na que xa están inscritos máis de 30 participantes e na que colabora a concellería de Deportes que xestiona Benito Márquez.



OPEN ENDURO MTB 2016
cannondale xtrembike

20-21 FEBRERO

TOYOTA VIGO
ENDURO MTB
GRAN PREMIO
CONCELLO DE PONTEAREAS

+D2000 EUROS EN PREMIOS

+INFO XTREMBIKE.EVENTOS WWW.MAGMASPORTS.ES

TOYOTA VIGO

COMUNIDADES DE MONTES DE PIAS · ARCOS · PONTEAREAS · BUGARÍN · SAN LORENZO DE OLIVEIRA

Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais 2016



A Consellería de Medio Rural acaba de aprobar o Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais 2016, cun orzamento de preto de 20 Millóns para toda Galicia, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais a través das infraestruturas básicas municipais. Este novo Plan Marco esta cofinanciado ao 75% con fondos FEADER, no marco do PDR de Galicia 2014-2020 e dá continuidade ás accións que se desenvolveron no período 2007-2013, dentro do Programa "Plans de Mellora das Infraestruturas no medio rural", no que a última obra realizada en Ponteareas foi a pavimentación da estrada de Mouro a Cillarga.

Recordar que en anteriores lexislaturas, dentro do Plan de Obras Municipal, foron moitas as obras de pavimentación e mellora de camiños realizados polo anterior goberno municipal, que garantiron o acceso pavimentado a moitas das vivendas dos nosos veciños e veciñas.

Ao Concello de Ponteareas correspóndelle deste Plan Marco, para este ano 2016, unha achega de preto dos 90.000 euros, polo lo que continuando con esta prioridade e obriga do Concello, son varias as obras que polo seu estado actual fan necesario, segundo o PP, unha urxente actuación de mellora dos seus pavimentos.

En consecuencia, o Grupo Municipal do PP proporá ao Pleno Municipal a solicitude das seguintes obras prioritarias: o pavimentado da estrada dende o cruce do Misto ao barrio de Cillarga (Ribadetea), e a estrada que vai dende a N-120 no Matadoiro aos barrios de San Vicente e Canedo.

PONTEAREAS

Sala JJ Ponteareas. Sábado 20 de febreiro de 2016

The Dawlins, co seu ritmo country e o seu Bluegrass, convertéronse o sábado pasado na primeira banda semifinalista do III concurso que organiza o Rock in Río Tea no Pub JJ de Ponteareas. As Galegas/Madrileñas superaron o bo facer da banda Ourensá Derroche nunha sala que presentou un cheo absoluto e que contou

cun público entregado cara ás dúas bandas. Este fin de semana continua o concurso con dúas bandas coruñesas que buscarán clasificarse para optar ao premio final de 1.000 €. Desde Sada subirá ao escenario do JJ a banda The Trunks e desde Santiago farao o grupo Reino Animal. Todo isto a partir das 00.00 do próximo sábado día 20.

III CONCURSO DE BANDAS de Rock 2016
Rock in Río Tea

13 FEB THE DAWLINS GALICIA/MADRID
DERROCHE OURENSE

20 FEB REINO ANIMAL SANTIAGO
THE TRUNKS SADA

27 FEB ONION SMILE PONTEVEDRA
PELUSA VIGO

5 MAR THE SHOUBINHAS EXPERIENCE VIGO
SPOONFUL VIGO

SALA JJ PONTEAREAS

SEMIFINAIS 19 MARZO
2 ABRIL
GRAN FINAL 16 ABRIL

SOUND HOUSE estudio profesional de grabación

CURUXA edición profesional

CATALANA OCCIDENTE Seguros

Cruz Gómez Zúñiga
Agente de seguros exclusiva
nº reg C0468355470909S

Castiñeira, 24 Bajo
36860 Ponteareas - Pontevedra
Tel. 986 641 528
Fax 986 641 528
Móvil 677 977 376
cruz.gomez@agentes.catalanaoccidente.com

Atmósfera Sport organiza a segunda edición da súa carreira popular

Terá lugar o vindeiro 6 de marzo polas principais rúas do casco urbano de Ponteareas

A Asociación Atmósfera Sport organizará unha carreira popular cronometrada de 10 quilómetros de lonxitude. Será o vindeiro 6 de marzo polas principais rúas do casco urbano de Ponteareas, tendo como punto de saída e chegada a Casa do Concello. Trátase dunha proba na que colabora a concellería de Deportes, dirixida por Benito Márquez, pensada para adultos e para nenos e dividida en 4 categorías: benxamín (nados entre o 2007 e 2009), alevín (nados entre 2004 e 2006), infantil (nados entre 2001 e 2003) e sénior, que neste caso abranguerá aos maiores de 16 anos.

A competición dará comezo ás 10:30 horas coas 3 categorías infantís, mentres que a carreira absoluta sairá ás 11:30 horas.

A carreira puntuará para a Superliga CCNorte-Mylaps 2016, a Challenge 10K Galicia CC Norte e para o Circuito Correr en Galicia 2015/16, polo que contará coa participación dos mellores atletas galegos.

As inscricións están abertas na web www.championchipnorte.com e de forma presencial nas tendas Atmósfera Sport Ponteareas e Navia (VIGO) até o luns 29 de febreiro de 2016, inclusive.

II CARRERA Atmósfera Sport

10K PONTEAREAS 6 MARZO 2016

Categorías
MASCULINA Y FEMENINA
HORARIO: 11:30am

CARRERA INFANTIL
AÑO DE NACIMIENTO: 2001-2009
HORARIO: 10:30am

J.J. SL NEUMÁTICOS

Sestelo centra eléctrica

Complejo Deportivo alvaro pino

DARLIM el vibrador eléctrico

PREFABRICADOS MALLAS

outón

INSCRIPCIONES ABIERTAS EN: WWW.CHAMPIONCHIPNORTE.COM
INSCRIPCIONES PRESENCIALES EN: ATMOSFERA PONTEAREAS
ATMOSFERA NAVIA

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Represas esixe, por carta, á Xunta o traspaso da Estación de autobuses

A demanda chega despois de que a Corporación Municipal local aprobara o pasado mes de outubro unha moción na que se esixía á Xunta de Galicia que asumira a competencia da Estación de Autobuses, así como o déficit xerado dende 2011

O Concello de Ponteareas vén de facer efectivo o envío dunha carta urxente dirixida á Dirección xeral de Mobilidade, xestionada por Helena de Lucas, para que fixe unha reunión antes do 19 de febreiro que permita tratar o traspaso da competencia da Estación de Autobuses do Concello de Ponteareas á Xunta de Galicia. Trátase dunha petición que se produce case 4 meses máis tarde de que a Corporación local aprobara o pasado mes de outubro unha moción na que se esixía á Xunta de Galicia que asumira a competencia da Estación de Autobuses e tamén o déficit xerado dende 2011, sen que “até o de agora o Consistorio teña recibido resposta ningunha por parte da Dirección Xeral”, asegura Represas. Aquela moción presentada polo goberno no pasado mes de outubro foi apoiada por todos os grupos agás EU-Son, polo que “resulta evidente que se trata dunha demanda que conta co apoio da inmensa maioría da corporación e que cuxa lexitimidade xa fora recoñecida pola propia Xunta de Galicia o pasado ano 2013 nun comunicado que recoñecía a necesidade de realizar un traspaso de competencia dado que non resulta viable manter ilimitada-



mente a situación de transitoriedade actual” e polo que se informaba que “o Concello de Ponteareas cesará na explotación da estación de autobuses de Ponteareas a partir do 1 de xaneiro de 2014, data a partir da que entrará a explotar o servizo un novo prestameiro, se fose o caso”. “Non podemos esperar máis. Necesitamos

establecer a data dun encontro que nos permita realizar a entrega formal da instalación ou ben negociar, tal e como se establece na moción aprobada polo pleno no mes de outubro, un convenio co propio Concello para compensar os gastos de mantemento desta estación”, afirma o Alcalde ponteareán.

EU-SON vota en solitario contra o PXOM de PONTEAREAS

O concelleiro de EU-son, Lino Costas, foi o único que defendeu no pleno municipal do pasado martes a inviabilidade do PXOM de Ponteareas.

Esta postura, aínda que acordada pola Asemblea Municipal de EU e compartida por varios colectivos da localidade, é a que ESQUERDA UNIDA mantén dende vai anos e leva no seu programa electoral.

Na súa intervención, Lino Costas, expuxo o carácter expansivo do PXOM baseándose, entre outras cousas, na memoria ambiental remitida pola Consellería de Medio Ambiente, que di que non hai xustificación para o crecemento urbanístico proxectado neste plan. A propia concelleira de urbanismo e maior defensora deste PXOM, confirmou que efectivamente, o Plan non está adecuado á realidade actual e que tanto o seu desenvolvemento temporal como as súas determinacións deberán ser cambiadas. Entendemos polo tanto que o PXOM aprobado provisionalmente no pleno do pasado 2 de febreiro supón unha perda de tempo e de recursos públicos.

ESQUERDA UNIDA de Ponteareas considera que este plan determina o modelo de localidade que comparten estas agrupacións políticas que o aprobaron: expansivo, especulador, agresivo medioambientalmente e irreal. Un erro histórico que, aínda que cometido por uns poucos, vainos pasar factura a todas.



Silvia Taboada consegue o sub campionato galego dos “10 bailes de baile deportivo”

A bailarina dirixe unha escola de baile en Ponteareas dende hai máis de 7 anos

Silvia Taboada, ponteareá de adopción que dirixe unha escola de baile na vila dende hai máis de 7 anos, vén de conseguir o segundo posto do Campionato Galego dos “10 bailes de baile deportivo”.

A proba celebrouse en Vigo o pasado domingo 14 de febreiro e permitiu que Taboada e a súa parella de baile, Celso López Galán, acadaran o sub campionato nun encontro que incluíu tanto os bailes latinos (samba, cha cha chá, rumba, pasodobre e jive) como os standard (vals inglés, tango, vals vienés, slow fox y quick step).

Benito Márquez, concelleiro de Deportes de Ponteareas, eloxiou “a capacidade de traballo que teñen tanto Silvia como a súa parella profesional” e felicítouse por contar “en Ponteareas cunha profesional de tan alto nivel, que en cada unha destas competicións deixa o seu nome e o do Concello nunha posición de privilexio”.



O pobo é quen máis ordena

O luns 2 de febreiro celebrouse a asemblea da Riada do Tea que tiña como finalidade tomar unha posición definitiva sobre a aprobación do PXOM. Esta reunión viuse a realizar despois de analizar as diferentes asembleas abertas que tivemos coa veciñanza e cos diferentes colectivos ao longo dos últimos meses. A decisión que se tomou, por maioría absoluta, foi ABSTERNOS na votación. As percepcións maioritarias que xurdiron na asemblea apuntaron a que as explicacións do Goberno municipal non foron suficientes para aclarar as inxerencias de moitas asociacións e particulares. Neste senso, asumimos a nosa parte de responsabilidade e comprometémonos a tratar de atopar mecanismos que faciliten a comunicación entre os cidadáns e o Goberno. Agradecemos a tódalas persoas que participaron neste proceso, pois entendemos que só coa participación cidadá se pode acadar unha democracia real. Confiamos na concienciación da sociedade e loitaremos por unha política máis próxima, feita por e para as cidadás e os cidadáns. Grazas a todos e todas unha vez máis

Enterro da Sardiña



Foto: Hernández



Foto: Hernández



Foto: Hernández



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Por que se abstivo o GM ACIP no Plan Xeral Municipal?

A CiP mantivo sempre una posición clara de defensa do vecinos a través das súas alegación que foron un total 2.794 e puxo sempre de manifesto a o goberno Municipal. Este documento aprobouse por cansancio non por que sea un documento real e viable para os vecinos de Ponteareas.

Lávanse gastado máis de 800.000 euros neste documento, xa esta ven de gastar os custos dos vecinos; e non nos vale o que dixo a Concelleira de Urbanismo que será modificado, con máis custos, obviamente.

Mantivéronse diferentes reunións de traballo e sempre aportamos a nosas propostas. Aceptábanse pero no documento final non apareceron; nós queríamos mellorar o documento. Presentamos 61 alegacións ao documento para melloralo.

Non podemos aprobar un documento no que se deixa a una serie de empresas fora de ordenación, condenadas a non poder solicitar licenza de actividade afectando a máis dun cento de traballadores/as. O Plan parcial non foi acoplado ao NOV PLAN XERAL. Isto era o que estando na oposición o Psde e Bloque exi-

xian como prioritario para a aprobalo, agora din que é por falta de liquidez. Mentira tras mentira; poden buscar a financiación a través da Diputación. No rural o PSOE "vendeu" que as alegacións recollíanse nun 80%. Nova mentira; só se recolleu o 36%. Seguimos discriminando ao rural en beneficio de máis edificabilidade no casco urbán.

Non se permite segregar entre particulares o que creará paralelismo no rural; lindes de Parroquias incorrectos que van crear confusión. Por exemplo, a Asociación de Veciños de Pias non poderá segregar unha parcela de 3.000 m², para construír un Centro cultural propiedade do Obispado.

Na parcela de Granitos de Galicia o actual goberno só defendeu os intereses do propietario do terreo. Os restantes veciños que lindan coa rúa Real non poden facer nada.

Na Parcela do Sportivo queda como estaba; legalizan o aparcamiento en superficie. O noso Grupo esixía unha solución de futuro, chegando chegando a un acordo cos propietarios dos terrenos por detrás do mesmo e facer un aparcadoiro subterráneo



para así solucionar os problemas dos veciños desa zona, quedando unha grande praza na parte superior.

Errores en viales, cambios sustanciales en parcelas que na aprobación inicial non estaban, o cal crea indefensión aos veciños e pode ser recurrido e anulado por inseguridade xurídica; construción de edificios pega-

dos ao regato da Venda; algo l inasumibles para o noso Grupo Municipal.

E para rematar, a cartografía das alturas non coinciden co a realidade da normativa. O PSOE regala una altura mais a os promotores cando decide que os áticos e "baixo cuberta" non computan como altura. Con esta decisión ímonos atopar que os

novos edificios novos teñan unha altura máis que os actuais e que non lle computa como tal.

Por estes motivos o Grupo Municipal ACIP no se sinte identificado co documento do PLAN XERAL, principalmente por la discriminación dos veciños do rural a favor dos veciños do casco urbán. Por isto decidimos ABSTERNOS. .

O Partido Popular explica o seu voto afirmativo ao PXOU

Unha vez aprobado inicialmente o PXOM en xuño de 2013 e rematado o período de exposición pública, foron chegando 1 a 1 os diferentes informes sectoriais favorables, que implicaron certos cambios obrigados no documento.

No mes de abril o Goberno do Partido Popular fixo entrega a todos os grupos políticos da corporación o documento de aprobación provisional.

A partir de aquí, o GM do PP pediu reiteradamente ao novo goberno que contestase as alegacións individualmente e por escrito e levase urxentemente o PXOM ao Pleno para ser aprobado provisionalmente.

Despois de 7 meses, buscando os "presuntos pelotazos urbanísticos e as prebendas para construtores e promotores" o único que comprobaron que esta proposta de PXOM foi feita co máximo rigor, e por suposto, non é o plan dos promotores como dicían, se non que é o plan da inmensa maioría da corporación, dos colectivos e dos cidadáns de Ponteareas que participaron nel.

Así nestes 7 meses, o único que o goberno actual incorporou foi pequenas modificacións que tal como se recollen nos informes da arquitecta municipal, do Asesor Xurídico Municipal e redactor do PXOM din que: "estes cambios son de índole menor xa que non determinan modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, nin foron adoptados novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou coa estrutura xeral e orgánica do territorio.

Por estas razóns o GM do PP, antes no goberno e agora na oposición, seguiu coa súa política de responsabilidade, como o fixo coa súa política económica, traballando na redución da débeda deste Concello para garantir a prestación dos servizos públicos e así o fixemos na aprobación provisional deste documento, porque nós sempre o sentimos como noso.

Nós non cambiamos de criterio, nin buscamos falsas desculpas, segundo esteamos no goberno ou na oposición, a diferenza do BNG e PSOE que cambian de



Foto: Hernández

criterio moi facilmente, como así o veñen demostrando ao longo destes 7 meses, como na aprobación da ordenanza reguladora do servizo de taxis, ou na aprobación da conta xeral do 2014, ou como agora na

aprobación provisional do Plan, onde queda demostrado o seu cambio de criterio no asunto da LOMBA, onde dicían que era irrenunciable vincular a aprobación do plan parcial da Lomba á aprobación do Plan

Xeral, para dar o seu apoio ao PXOM, que de ser así, íase condenar a Ponteareas a seguir durante anos e anos sen ter solo industrial onde instalar empresas, impedindo a creación de postos de traballo.

OPINIÓN



Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.

O Parlamento de Galicia ven de aprobar por unanimidade a toma en consideración dunha iniciativa lexislativa popular (ILP) promovida polo sindicato nacionalista CIG para facer posíbel unha tarifa eléctrica diferenciada para Galicia, que aforrará nun 30% as chamadas peaxes da enerxía, co que se acadaría para os consumidores galegos unha media dun 12,5% de rebaixa na factura eléctrica. Compre salientar que as peaxes supoñen o 41,5% da factura da luz e o consumo só o 37,5%. O resto son impostos.

Galicia sofre custos ambientais e sociais moi importantes para producir electricidade eólica, térmica ou hidroeléctrica e o

Electricidade máis barata na Galicia

40% desta electricidade consúmese fóra do noso País. Velaí a racionalidade desta proposta. Porque a tarifa eléctrica única para todo o Estado foi imposta por Franco no 1951 e non se aplica nas principais democracias occidentais (USA, Reino Unido, Austria, Alemaña), que, pola contra, tentan que haxa unha real competencia e pluralidade, tanto na xeración como na distribución eléctricas.

A tarifa única española grava aos países produtores como Galicia e aos grandes consumidores industriais, lastrando gravemente a competitividade industrial ga-

lega e, en xeral, a española. O sistema está pensado no capitalismo castizo de amiguetes e na visión centralista das cousas típica do bipartidismo dinástico. Beneficiando ás grandes distribuidoras e aos territorios de grande consumo doméstico, como Madrid, que case non xera enerxía.

A ILP contempla, tamén, a obriga da Administración galega de remediar a pobreza enerxética das familias, definindo ésta como a situación na que se gasta máis do 10% dos ingresos familiares en luz e gas e non se garante unha temperatura constante na casa entre 18º e 21º.

Que os galegos nos decatemos de que esta tarifa eléctrica é unha estafa non gusta en Madrid. Recentemente, en portada, o xornal “Cinco Días” alcumaba de insolidaria e inconstitucional esta proposta. De inconstitucional non ten nada, só require da reforma dunha lei ordinaria, a Lei do Sector Eléctrico. E, canto á solidariedade...que lles parece producir electricidade, pagala máis cara e que, aínda por riba, perdamos todos os anos 500 M€ de financiamento local e 1460M€ de financiamento autonómico por mór da voracidade da Administración do Estado? Con que dereito nos alcuman de insolidarios?

Algo que moitas veces é tan doado convértese en difícil, por mor das circunstancias, e de difícil recuperación. A cordura, o sentido común. Ese que nos obriga tantas veces a reconsiderar, a facer un exame conciliador das nosas cousas e, en consideración, mudar o rumbo para tomar camiño máis certo, máis acorde coa realidade: pisar de novo a terra. Así é, e compre voltar sempre a esa recuperación do “sentidiño”. O normal, hai que dicilo, é a pluralidade, a diverxencia, a contradición. Iso non quita que esa diverxencia ou posta en común, traia consigo o diálogo, o razonamento e quizais o acordo. Son así todas as aplicacións do noso programa vital. Cando, por calquera razón, se obvia esta máxima é cando chegamos ao que hoxe nos ocupa. Temos un goberno que abusou do poder, que non conciliou vontades, que non quixo saber nin escoitar, que empregou o rodillo. Así nos foi todo. Unha debacle total, millóns de parados, traballos en precario, e todo canto sabemos de pobreza humana, de marchar da casa, de fames e miserias. O peor non é iso, agora que fala-

mos de cordura. O peor é que levamos tempo padecendo políticos que están sometidos ao poder financeiro, que non ven ás persoas nin os seus problemas. Resolven todo contablemente. Así levamos moito tempo. Ninguén lembra aquilo da pluralidade e da diverxencia, da posta en común, do acordo. Estamos aínda nos baixos dun franquismo que herda posicionamentos inmorais e inhumanos. Moitos están conformes porque lles pinta ben. Iso tamén é malo, son moitos. Tantos coma votantes destas restricións que aos demais afogan. Non se trata de lateralismos de esquerda ou dereita, non. Trátase de que non machaquen a sociedade na que vivimos, que deixen vivir –e non só a uns poucos. Pero non escoitan, nin queren, nin falan, nin deixan falar. E nesta última aseveración están os medios de comunicación. Todos eles, salvo raras excepcións, son submisos medios de divulgación política. Medios dependentes dalgún tipo de poder que espallan os postulados dos poderes (aqueles que aínda hoxe non foron

Recuperar a cordura.

“xamais” independentes, por moito que cansen en dicírmolo, en repetilo: non hai quen o crea). Son os altofalantes do seu amo. Son os “loritos” amplificadores do poder. Os que nos meten polos ollos toda a morralla que temos nas pantallas, no papel, nas emisoras. A comunicación tampouco é plural, nin diversificada, nin diversificadora. Aí andamos todos. Les un xornal e desde os manipulados titulares, sabes quen paga e a quen serven! Faltan medios de comunicación solventes, de todas a ideoloxías e pensares. Faltan medios de comunicación que non se sometan nin se deixen manipular, que servan ao pobo, á xente do común. Á xente do comun, do mesmo común que o sentido común. Necesitamos medios de comunicación que contrasten as ideas, que sexan críticos con todo posicionamento bárbaro e totalitario. Faltan medios que non se autocensuren, nin censuren as opinións diferentes. Somos así, somos humanos e –polo tanto– plurais e diverxentes, contraditorios e sensibles. Ese é o

noso maior tesouro. Podemos chegar a entendernos, dando razón do que cremos e defendemos. Apostamos por esa democracia, por esa liberdade das ideas, por esa república dos soños que non renuncia aos seus ideais nos que a palabra fundamente o encontro. Un encontro que teña a xenerosidade e o talento para dar coa razón, e harmonízala coa flexibilidade necesaria de entendernos e convivir. Temos que recuperar o que somos. Necesario é que en Galicia, ou Galiza, nos poñamos de acordo en chamala polo mesmo nome. Nos poñamos de acordo en falar e pensar no noso idioma, en posesión íntegra, e non con aproximacións traducidas e de urxencia, coa mesma base ortográfica de necesitada “confluencia” na que non xordan os protagonistas estúpidos que nos deteñen desde hai tanto tempo sen chegar á cordialidade de sumarnos no mesmo proxecto. Temos que volver a esa mesa redonda da palabra nosa, do Pobo e Terra que somos. Sentirnos Matria, onde resolvamos os problemas de nós como comunidade vital e exis-

tencial, pensando en nós e nos nosos problemas, na solución dos mesmos desde nós, sen dependencias interesadas. Temos que recuperar a memoria que nos chame, para saber de onde vimos e poder observar horizontes comúns de sobrevivencia naquel “sentido común”. Eu aposto por ese logro sublime, o de acadar múltiples ideas e confrontalas. Facer camiño desde a pluralidade mesma, así, desde medios humildes como son A Peneira ou as Novas do Eixo Atlántico que xa leva un ano de existencia e que pide paso, no medio da morrallada, para facer uso digno desde a humildade coa proclama de permitir que conflúan -neste papel- en forma de mensaxe, as nosas diverxencias. E brindo por tan nobre proxecto para que resista moito tempo e non perda a cordura dos afectos!



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero

Vén a conto, o título, pola frecuente demonización que se produce por parte dos de sempre. Fano desde ese certo abuso de poder, desde a hipersensible e desconsiderada percepción de creren ser importantes fiscais dos feitos alleos, de calquera cousa que fagan os que non son do seu equipo. Coidan que así, exercendo esa estrita puntualidade do papismo, se fae a lei, como xuíces e parte ofendida, exercendo contra os que abundan na cultura, na disparidade de criterio, na liberdade, na pluralidade. Refirome aos novelistas, poetas, dramaturgos, músicos, actores, e mesmo monicreques, intérpretes en xeral, que discrepan e alertan, desde a súa voz, dos atropelos aos que estamos sendo conducidos. Sinalando aos condutores desta farsa, que fan ruído intencionado e aproveitan –esa técnica moitas veces empregada– para envolverse en augas revoltas e lixar aos demais armando o lío “da violencia” para que, en de-

finitiva, ninguén os vexa a eles nos continuos titulares de corrupción que se van evidenciando. Seica, desta volta os titiriteiros, non pretendían exaltar o terrorismo, como recoñece o mesmo xuíz que os xulgou precipitadamente, na A.N. evocadora doutras épocas grisallas, senón que pretendían denunciar o uso e abuso que se fai do terrorismo como arma para criminalizar aos disidentes. Non fixeron, seica, ningunha proclama a favor da banda terrorista. Todo ocorría dentro da ficción dun espectáculo de bonecos que criticaba precisamente o proveito que do terrorismo fan os que mandan. A función dos monicreques era para xente maior, efectivamente, e non para nenos. O erro, foi metelo –en todo caso– na programación infantil. Pero de aí a metelos no caldeiro por enaltecemento do terrorismo, vai un bo anaco. Lémbrame o

Máis papistas que o propio Papa

mesmo proceder que coas supostas bandas terroristas que aparecen na prensa e que, case sempre, ninguén coñece en Galiza. Esas mesmas que levan tanto tempo sendo motivo para meter no cárcere a independentistas galegos, disidentes dos procederes urxentes da desconfianza e do escarmiento. Resulta que isto sucede, sobre todo, cando gobernan aqueles que resultan ocultar e amparar prácticas corruptas. Serán cortinas de fume? Non está lonxe outra obra represora, feita luces agora, na que todos chaman “Lei Mordaza” e que só ten a perversa utilidade de protexelos a eles, por se a lei os pilla. A satanización da ficción e destes nacionalistas xera –e ben o saben– máis violencia, porque fere fondamente e crea vítimas, orixinadas desde os procederes desconsiderados e manipulados. Inútil violencia, sempre, e que nada amaia. Tampouco

amañan os silencios e as ocultacións. Pero o que é máis certo é que nunca, as armas nin os odios, nin os medos, nin os rancores resolveron desencontros, e moito menos os desequilibrios sociais. Como ocorre nas ditaduras, acaban de criminalizar a ficción. É perigosísimo ese territorio de xuízo criminal contra a liberdade de expresión e a democracia. Coutar desta maneira o dereito á crítica, á sátira, por inoportuna que nos pareza, non é compatible coa liberdade de expresión. Que pasa, que xa pasou, cando se sacan bandeiras preconstitucionais e símbolos franquistas e nazis. A pesar das numerosas reprobacións: non pasou nada! E aquilo non era nin é ficción. Que pasou cando un alcalde dixo que as vítimas da represión franquista merecían aquela morte cruel e violenta? Nada! Exaltou os crimes e non eran casos de ficción. Hai exem-

plos todos os días. Paréceme feroz e desproporcionada a reacción contra os monicreques, ...que por certo xa se representara nunha alcaldía do PP, en Granada. Pero alí non había unha Carmena á que lle armar o pifostio. Eu aínda confío nunha cívica resposta, na que todos constatemos que haxa creadores que discrepen e non enaltecen ningunha violencia desde recreacións e suposicións ficticias. Debemos aprender desas alertas do exceso, ás que xa nos veñan acostumando a ver nos mesmos medios de comunicación que eles, relixiosamente, pagan. Este alarmismo é intencionado! Cómpre a cordura, e a flexibilidade da paz, da tolerancia, dos soños. Por certo, o xuíz que os xulgou tamén está denunciado por despropósito e resolución esperpéntica, por decisión arbitraria e delictiva. Cousas veredes!

OPINIÓN

Por: Manel Iglesias

manelig@edu.xunta.es

Casa Telmo (Corte Inglés) de Angoares

Despois de moitas visitas, coloquios, compadres, compras, vasos, pitillos, negociacións, copas, cacahuètes, augardentes, bocadillos, chistes e contos... despois de coñecer a personaxes e persoeiros variados e diversos... e cómo non!: volver a ver case que dúas veces seguidas ao director deste xornal gastando os seus cinco eurillos en froita fresca e algún chourizo, votar unas risadas con el e facerlle por enésima vez a promesa de escribir a segunda parte... pois aí vai!

Porque pasado xa tanto tempo... algo, moi pouco, cambiou. Tocaba renovar a pel do local, darlle unha manciña de pintura e restaurar, sempre sobre o vello e mantendo a idiosincrasia do lugar, a historia que envolve e a orde establecida de máis de cen anos atrás. Porque sí, alguén dirá:

- Carallo, arranxaron o local pero a desorden segue a mesma. Pero é que non podería ter a maxia que ten sen esa desorden, é alucinante ver que o noventa por cento do artículo que vén solicitar a xente, téñenno nas entrañas da tenda.

O local naceu hai máis dun século e foi fundado por unha parella de recién esposados -Luz e Telmo-, non no lugar onde fica agora senón enfrente, cruzando un camiño de terra que na actualidade é a estrada provincial nº Ponteareas-Salvaterra. Esa posición, a carón dese camino que chegaba a Portugal e viña de volta, no alto da Abilleira, -en Angoares- fixo que, sobre todo nos días da feira grande de Ponteareas, se convertira nun lugar de parada e descanso clásico: Labregos, ferreiros, telleiros, cesteiros, tratantes de gando e mercaderes de todo tipo paraban a degustar os famosos callos do Telmo, o seu viño de cosecha propia, mercar tabaco



e despois do merecido descanso, seguir camiño. Un dos fillos desa parella ini-

cial continuou co local (Manolo, o de "Telmo"), pai de Rosa e avó de Víctor, fillo

menor de Rosa, que con ela forman esa parella tan singular que rexenta o local. Contan que



o tal Manolo, cando raramente non tiñan o que solicitaba calquer cliente...arrancaba a moto e marchaba a buscalo ata conseguilo. Mesmo fai o seu neto oitenta anos despois!

Verdadeiramente é un sitio especial, un sitio de encontro e tertulia, sen sillas nin mesas, donde, polo menos eu, podó pasar horas observando á xente entrar e salir, falar e discutir, reír e calar, beber e comer. Chama a atención tamén a fidelidade e metódica dos clientes...a súa puntualidade diaria. O "grupo do mediodía", máis de viños e vermouths, e o da noite onde "barren" dúcias de cervexas e compensan con rondas equilibradas. Alí entra e sale todo tipo de xente.: Mulleres e homes, viaxantes, vacacionais, abogados, funcionarios, axentes de seguros, labregos, mariñeiros, lampreeiros, mestres, xubilados, parellas de namorados, nenos e nais, país e fillos, grupos de amigos...e veña viños e copañas, veña bocadillos, veña cervexas e cubatas. E a discusión ben entendida, a política en estado puro, os mellores contos e chistes do contorno, o "vacile" limpo e respetuoso, a camaradería aparecen con naturalidade e constancia.

En referencia ao artículo que comercian chama a atención o sistema publicitario que practican dende sempre, non hai escaparates porque non se precisan dado que sacan a mercadería á beirarrúa. O seu interior poderíamos confundilo cun museo etnográfico, obxectos maravillosos, miniaturas relacionadas co traballo no campo, coa gandería, coa alimentación.

E qué portas, carafio!: señorais, enormes e pesadas, talladas... as dunha verdadeira fortaleza. A afouteza de experiencia e do coitado do próximo, do sentido común, da atención individual. A perdurabilidade!



Por: José Antonio Bautista

Os telediaros de medio mundo abriron hai dez anos coas imaxes de centos de coches a arder en Clichy-sous-Bois, unha localidade de 30.000 habitantes situada a vinte

“A desigualdade entre París e a súa periferia tamén se reflicten na arquitectura”
TERESA SUÁREZ

quilómetros de París. O estalido de cólera estendeuse como pólvora por outros suburbios, deixando un saldo de 312 detidos e máis de 1.300 vehículos incendiados. O que daquela era ministro do interior, Nicolas Sarkozy, presionou o presidente Jacques Chirac e este declarou o estado de emerxencia na rexión parisina, o mesmo que impera en toda Francia desde a noite dos atentados do 13 de novembro. Segundo os medios, o detonante foi a morte de Bouna Traoré e Zyed Benna, dous adolescentes que faleceron electrocutados mentres fuxían dun control policial. Un funcionario que viviu os acontecementos en primeira persoa asegura a LA Marea que “a violencia estalou cando a policía disparou unha bomba lacrimóxena que golpeou a un ancián fronte á mesquita”. Outros testemuños apuntan a causas máis profundas relacionadas coa discriminación social e institucional, a desigualdade e o desemprego, que en moitos suburbios supera o 40%.

Hoxe en día Clichy-sous-Bois é unha mestura de fachadas e rúas deterioradas onde campos deportivos impecables, produto dun millonario plano de investimento tras os disturbios. Non obstante, unha década despois das revoltas, os cli-chois seguen a demorarse case dúas horas en percorrer os 20 quilómetros que os separan de París a bordo do único autobús que pasa desbordado cada 20 minutos.

As banlieues ou periferias volven a estar no punto de mira do Goberno. O ministro de Interior fran-

Unha década perdida na ‘banlieue’
Cinco dos nove terroristas que atentaron en París o 13-N creceron nos seus suburbios e teñen menos de 31 anos

cés, Bernard Cazeneuve, declarou que máis dun millar de xovens franceses están vinculados con grupos terroristas en Siria e Irak, mentres que os servizos de intelixencia calculan que 380 yihadistas galos combaten nas filas do auto-denominado Estado Islámico. A maior parte destes xovens provén da periferia. Cinco dos nove terroristas que sementaron o medo en París en novembro, todos menores de 31 anos. Tres deles creceron en

cambiaron desde as revoltas”, explica Abdelghani Abdelmalek, un mozo traballador social de Saint-Denis, o suburbio ao norte de París no que foi desarticulada unha célula terrorista o pasado mércores 18. Abdel naceu en Clichy-sous-Bois e opina que, a pesar dos cambios urbanísticos, cáseque non diminuíron os estereotipos de “territorios perdidos pola República” que difunden periodistas e políticos “que non cruzaron a perifé-

Desde 2008 existe unha lei que penaliza as empresas que filtran candidaturas en función do nome ou barrio, reconecible polos dous primeiros números do código postal, pero os atrancos para probar esta práctica dificultan a súa aplicación.

Coura é un xove de pais malienses que vive en Aubervilliers e que sufriu a exclusión laboral. Viste acorde ao estereotipo do que en Francia coñecen pexorativamente



suburbios da capital e viviron en Molenbeek, un barrio de Bruxelas coñecido polos problemas de radicalización dunha pequena pero ruidosa parte dos seus habitantes.

“Hai un verdadeiro risco de afastamento entre comunidades e xeracións”, advirte o historiador Benjamin Stora, un dos moitos intelectuais que denuncian os problemas estruturais do país para aceptar a unha grande parte da súa poboación. “Si é unha crise, dura xa 40 anos (...). É un problema estrutural”, denuncia o sociólogo Thomas Kirszbaum. “Hai que incitar aos profesores a que prioricen o traballo nesas zonas”, reclama Eric Charbonnier, experto en educación da OCDE.

Os anos pasan e a banlieue permanece atrapada en estereotipos violentos e alonxados das súas humildes rúas. “Poucas cousas

rica”, asegura en alusión á autopista que rodea París e marca a fronteira coas aforas.

Abdel sinala o illamento, a frustración e as carencias educativas como culpables de que algúns mozos banlieuesards se convirtan en “presas fáciles para manipulacións de todo tipo”. Este xove políglota di estar cansado dos controis policiais aleatorios “por non ter a adecuada cor de pel”. “A problemática é social, ten que ver co desemprego e a discriminación, non con motivos étnico-relixiosos”, defende Abdel. Para el a solución chegará cando gobernen “políticos que non xoguen con lume, alimentando a retórica da extrema dereita”.

FALTA DE VONTADE POLÍTICA

Unha das caras máis sanguentas e subtís da marxinalización da banlieue é a discriminación laboral.

como racaille: roupa escura e axustada, carapucha e un pequeno bolso de marca falsificado. Explica a súa historia mentres vende hachís a dous turistas que pasan cerca do Moulin Rouge, no famoso barrio de Montmartre. “En Francia o grande problema é o clasismo (...). Puxen unha dirección falsa [no currículo] porque cuando puña que son do 93 non me chamaban”, explica indignado este aspirante a camareiro que agora se dedica ao tráfico de drogas ao por menor.

Unha das voces máis veteranas e respectadas no complexo mundo da banlieue é a de Dhaou Mesquine, imán da mesquita de Clichy-sous-Bois desde hai 27 anos e secretario xeral do Consello de Imáns de Francia. Dhaou cre que “as revoltas de 2005 expresaban frustración polo desexo de integrarse aos valores de liberdade, igualdade e fraternidade

da República” e define os xovens como “a forza viva da nación”.

Igual que moitos outros musulmáns tras os atentados, Dhaou anticipase ás preguntas deste xornalista para condealos categoricamente. “Todos estamos xuntos perante o que está pasando”, sentencia o imán, quen confesa temer que esta tragedia avive a islamofobia. Os líderes musulmáns de Francia, especialmente os das aforas, traballan para que non os relacionen cos fundamentalistas, pero Dhaou cre que nesta ocasión será máis difícil que tras o atentado de xaneiro contra a redacción de Charlie Hebdo, cando foron asasinadas 12 persoas, entre elas un policía musulmán.

Dhaou cre que a falta de vontade política da UMP –partido conservador– e do Partido Socialista fronte ao drama das periferias francesas se debe a que “necesitan que esteamos así porque o discurso da seguridade dá votos á dereita e a miseria dá votos á esquerda”, unha situación que está aproveitando a extrema dereita para canalizar o descontento dos banlieuesards. “Toda a política móvese agora en torno á seguridade e iso fai forte ao Frente Nacional”, explica Dhaou.

En outubro unha comitiva interministerial visitou a periferia de París. Os gritos de rexeitamento acompañaron a Hollande e o seu séquito durante o seu breve paseo por A Courneuve, ao noreste da capital, un dos municipios onde os socialistas arrasaron en 2012. En Mureaux, a 39 quilómetros ao este de París, Manuel Valls, primeiro ministro francés e man dura do Goberno, mostrou unha sinceridade inusual: “Non veño a reconquistar a banlieue”, respondeu ao ser preguntado sobre o incumprimento da súa promesa de eliminar as polémicas detencións e cacheos arbitrarios aos que son sometidos os banlieuesards de París, Marsella e outras grandes cidades de Francia. Minutos despois posou contento xunto aos pais de Zyed e Bouna, e prometeu máis control contra a radicalización. Máis do mesmo, máis de nada.

Tomada da revista La Marea, nº 33



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Redactores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com
Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA/AS NEVES

A carreira “10Q Fast Race” pon en valor os entornos de As Neves e Salvaterra



“Temos un entorno maravilloso co río Miño, a súa natureza... A carreira ‘10Q

Fast Race’ é unha oportunidade para valorizar a través da carreira e da andaina todo o noso patrimonio natural”, expresou a primeira Tenente de Alcaldede Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, na presentación da 10QFastRace As Neves-Salaterra que se celebrará o domingo 21 de febreiro, para a que xa están inscritos máis de 300 atletas.

Valcárcel aludiu a éxito da primeira edición na que houbo máis de 1.000 corredores “e a xente quedou moi contenta”. A idea de que sexan os 10 quilómetros máis rápidos Por outra parte, “en Salvaterra temos dous clubes de Atletismo” engadiu. Ademais, “hai xente non só de Salvaterra senón de Portugal e de concellos limítrofes que veñen habitualmente a correr ó parque de A Canuda porque é un lugar que se presta para isto”.

Para Valcárcel valorizar os concellos limítrofes como son As Neves e Salvaterra a través dunha carreira como a 10QFastRace facilita “dar a coñecer o noso entorno”.

Pola súa parte, Xosé Rodríguez Méndez, alcalde das Neves, asegurou que “incorporar As Neves a un evento destas carac-

terísticas era case necesario. É unha maneira de entender o desfrute do tempo de lecer e do deporte”. Para Rodríguez Méndez conseguir que sexán os 10 quilómetros máis rápidos é un obxectivo que hai que lograr.

O acto foi presentado por Javier Fernández Domínguez membro do clube de atletismo A Canuda e da Asociación do mesmo nome. O evento está patrocinado pola banca Mediolanum e Seguros Bilbao. O Banco de Alimentos vai recibir a doazón dos participantes en alimentos non perecedeiros.

Na presentación acudiron os campións masculino e feminino do ano pasado, David Bargiela Araújo e Iria Fernández Fontela, xunto co presidente do Centro Cultural de O Casal. David confirmou que é “un circuíto moi rápido” e Iria destacou que consiste “nun percorrido con atractivo como é o río ou o país veciño de Portugal”.

Ademais, para os que lles gusta camiñar celebrárase unha andaina en paralelo duns 15 quilómetros con parada en lugares de interese. Máis información: <http://emesports.es/event/10-q-fast-race-as-neves-salaterra-de-mino-e-andaina-do-rio/>

Salvaterra contra o cangro



Foto: Hernández

Entroido en As Neves



Foto: Hernández



Guildhall School of Music and Drama em Londres admite aluna de Tui que estuda na Escola Profissional de Música de Viana do Castelo

Eva Monroy, aluna da Escola Profissional de Música de Viana do Castelo do 3º ano do Curso Instrumentista de Cordas e Tecla, da classe de violino da profª. Ana Catarina Pinto, depois de exigente prova, foi admitida na conceituada Guild hall School of Music and Drama em Londres, Inglaterra

Por Manso Preto



Mais uma vez, a Escola Profissional foi representada de uma forma exemplar pelos seus jovens músicos, mostrando o elevado nível do ensino da música praticado por esta instituição dirigida por Carla Barbosa.

Eva Monroy, aluna do 3º ano do curso Instrumentista de Cordas e Tecla da Escola Profissional de Música de Viana do Castelo, da classe de violino da professora Ana Catarina Pinto, acaba de ser admitida na Guildhall School of Music & Drama, em Londres, uma das melhores escolas de artes do mundo, onde só entram grandes talentos. Da Guildhall School of Music & Drama já saíram, entre muitos outros, músicos hoje in-

ternacionalmente conhecidos como as violoncelistas Jaqueline du Pré e Ella Rundle ou a violinista Hikan Mitsukawa. Para o cinema saíram atores como Lenie Janes, Daniel Craif, que se conheceu na pele de James Bond, ou ainda Orlando Bloom e Ewan McGregor.

Eva Quiroga nasceu em Tui, a 3 de Julho de 1998, e iniciou os seus estudos musicais com 8 anos de idade na Escola de Música de Tui – Pontevedra. Em 2011, foi admitida com mérito no Conservatório Profissional de Música de Tui, onde deu continuidade aos seus estudos, terminando o Curso Básico de Música em 2013, na classe do professor Algirdas Pocius. Realizou tam-

uma Menção Honrosa na categoria B, do VII Prémio Nacional Elisa de Sousa Pedroso, em Vila Real. Em Orquestra, teve a oportunidade de trabalhar com os maestros Ernest Schelle, Julián Lombana, Roberto Pérez, Octávio Mas-Arocas, Javier Viceiro, Peter Askim, Luís Carvalho, Pedro Carneiro e Jordi Francés. Realizou também um master classe de violino com a professora Zofia Kuberska-Woycicka e master classes de música de câ-

mara com os professores Richard Woycicka, Olga Prats e Alejandro Oliva. Desde 2011, faz também parte do grupo de música popular galega "Can de Palleiro". Atualmente, é aluna do 3º ano do Curso de Instrumentista de Cordas, na Escola Profissional de Música de Viana do Castelo, na classe da professora Ana Catarina Pinto. Integra a Orquestra Arte Sinfónica – orquestra da EPMVC, onde também exerce funções de concertino.



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

Telf: 986 64 08 34

CONFITERIA
Regino
RUA REVERIANO SOUTULO, 16
Ponteareas (Pontevedra)

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

Éxito rotundo de participación no Festival Infantil de Entroido



Un ano máis, o Concello de Salvaterra de Miño organizou o seu Festival Infantil de Entroido, que reuniu a cento pais, nais, nenos e nenas no Salón da Casa de Cultura de Salvaterra. Os máis cativos disfrutaron de diferentes actividades, entre elas o concurso de dis-

fraces, onde o xurado, formado por tres persoas, valoraron o colorido dos disfraces, o bo gusto e o traballo na realización dos mesmos. Tívoise en conta especialmente aqueles disfraces que foron feitos de modo artesanal así coma a súa posta en escena no momento da presentación.

Dende o Concello agradeceron a todos os participantes a súa asistencia e sobre todo os máis cativos, facendo fincapé en que cada ano é máis difícil escoller aos gañadores e gañadoras deste concurso, pero que o importante é participar e pasar unha tarde divertida.

Os gañadores deste ano foron:

1º premio.- ALICIA FERNADNEZ PENIN. SHIVA

2º PREMIO.- MARTIN E NAIARA FERNANDEZ ROCHA. PATRULLA CANINA

3º PREMIO.- NICOLAS RODRIGUEZ CARRERA. TORTUGA NINJA



Máis de 1.400 participantes e 15 carrozas participarán no desfile do Enterro da Lamprea

O Concello de Salvaterra de Miño xa ten todo preparado para poder dar o seu último adeus a defunta lamprea, no seu xa tradicional Enterro que percorrerá as rúas da Vila este sábado 20 de febreiro a partires das 18.00h

Un total de 15 carrozas con máis de 1.400 participantes en comparsas desfilarán este sábado 20 de febreiro, a partir das 18.00 horas, durante o Enterro da Lamprea. As comparsas pertencen,

ademais de a Salvaterra, ós veciños municipios de Salceda, Ponteareas, As Neves, O Porriño, Tui, Mondariz e Mos. Dende a Concellería de Cultura recórdanlle a tódalas persoas que queiran participar

como 'Choronas' na comitiva fúnebre do Enterro da Lamprea, vestidas de rigoroso loito, poden facelo sen inscrición, un xeito divertido de participar no noso Entroido".

A saída do desfile de Comparsas e Carrozas do Enterro da Lamprea do Entroido 2016 é dende a rúa Rosalía e descorre o desfile pola rúa Castela, Fonte da Vila, Dona Urraca e praza do Concello



ARBO

Unha imaxe vale por mil palabras



Na edición de xaneiro, o noso Colaborador en Arbo, Agapito Valado, dábanos a triste noticia do feleceamento de Dña. Anita, días antes de fin de ano, que aos 102 anos nos deixara. Hoxe queremos traer a estas páxinas, novamente esa mala nova, coa lembranza do momento en que fora obsequiada polas autoridades locais cun ramo de flores como centenaria

do Concello e tamén como activista cultural e social que foi durante toda a súa vida de estancia polas terras de arbo..

Vaia con este noso recordo unha mostra da amizade que persoalmente disfrutamos da "colega" Anita, sempre atenta e sempre "peleona" polas cousas que crea se debían defender nos eidos da educación e da cultura.

Conferencia sobre acoso escolar

Desde la Concejalía de Servicios Sociales se iniciou en febreiro una Escuela de Padres impulsada por el ANPA del colegio "Antonio Carpintero" de Arbo. Este miércoles día 17 de febrero de 2016, la charla estará dedicada al ACOSO ESCOLAR, un tema que preocupa enormemente a los padres. Junto a la educadora

social del Concello intervendrá un psicólogo, voluntario de la Cruz Roja de Pontevedra, dentro de su Programa de Prevención de Conductas Violentas. Este acto tendrá lugar en el Centro de Interpretación ARABO a las 17.30 h, y podran asistir todos aquellos padres que lo deseen con hijos en edad escolar obligatoria.

As entidades veciñais de Sela na defensa das pinturas murais da igrexa parroquial

No pasado mes de xaneiro tivo lugar na casa de Fábrica da igrexa parroquial unha xuntanza na que estiveron presentes membros de todas as entidades parroquiais de Sela co fin de ver a maneira de acadar fondos para a restauración das pinturas murais que cubren o altar maior da citada igrexa. O presidente da comisión de montes, das traídas de augas, re-

presentantes das comisións de festas dos distintos barrios da parroquia, así como da Asociación Cultural Evaristo de Sela, puxéronse de acordo en traballar en conxunto para acadar os fondos necesarios para o arranxo das pinturas con mais de tres séculos de antigüidade. Así mesmo abriuse unha conta en Abanca para todos aqueles que queiran colaborar cos seus donativos.



PRO RESTAURACIÓN
PINTURAS MURALES DE SELA (1683)

Donativos a: CCC ES 43 2080 5011 8730 4001 4223

**Mesón
da Lamprea**

ANGULAS
CORDERO

VINOS DE COSECHA PROPIA

Telfs. 986 665 489 - 986 665 153
CABEIRAS - ARBO

1985

RCC Restaurante
Casa Calviño

Teléfonos: 986 648 040 - 639 648 040
As Neves - Pontevedra

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

Concello de Mondariz e COGAMI poñen en marcha "Mond'activate"

O Goberno local de AporM e PSOE traballa por integrar os usuarios do Centro de Día nas actividades diarias do Concello.

O Goberno local de Mondariz de AporM-PSOE e COGAMI, empresa que xestiona o Centro de Día de Mondariz, veñen de poñer en marcha un programa de actividades, especificamente dirixidas aos maiores de 55 anos, que baixo o nome de "Mond'activate", ten como obxectivo manter en forma a mente e o corpo e, dese xeito, conseguir que os e as participantes poidan gozar dunha maior calidade de vida.

"Mond'activate" se desenvolverá os venres nas instalacións do Centro Social, con periodicidade quincenal, comezando neste mes de febreiro e alongándose ata outubro, en horario de 11:00 h a 12:h. Dado que o número de prazas é limitado, será preciso realizar a inscrición previa ou no teléfono 986 656 058 ou no enderezo de correo electrónico omix@concellode Mondariz.com.

A proposta é exercitar o cerebro, de cara a mellorar a calidade de vida do participante, a través de obradoiros e actividades tan coñecidas como atractivas. Nesas actividades se traballará na memoria e en todo o relacionado co seu funcionamento como son exercicios de atención, linguaxe o cálculo.

Pero, se manter a mente en forma é importante, non o é menos manter o corpo. Para acadar ese fin, "Mond'activate" propón actividades divertidas como o baile, a ximnasia, os xogos en equipo, percorridos

polos arredores de Mondariz... iniciativas, todas elas, que permitirán aos veciños e veciñas que participen manter un estilo de vida activo e saudable e que serán impartidas pola psicóloga e terapeuta ocupacional do Centro de Día de Mondariz.

Dende a súa toma de posesión, o Goberno local de Mondariz de AporM-PSOE tivo claro que era preciso integrar as actividades que desenvolvía o Centro de Día, na vida diaria do Concello e que non actuasen "sen ningún tipo de relación nin organización, facendo cada quen as actividades pola súa conta e, polo tanto, desaproveitando recursos", asegura o Goberno local. Par darlle a volta a esa situación, o Concello de Mondariz mantén un contacto continuo co Centro de Día de cara a organizar actividades conxuntas. Froito desta colaboración foron os actos desenvolvidos no Día contra a Violencia de Xénero ou no Día das persoas con discapacidade. Amais, os usuarios do Centro de Día tamén participaron na celebración da despedida do ano, desenvolvida ao mediodía do 31 de decembro, xunto cos demais veciños e veciñas da vila.

"Integrar aos usuarios e usuarias deste servizo neste tipo de actividades ou organizar iniciativas como "Mond'activate", é un xeito máis de lembrarllas que seguen a ser parte activa da vida do seu municipio", conclúe o alcalde Xoán Carlos Montes Bugarín.

Mondariz pide a colaboración da Xunta para o mobiliario da biblioteca e conservación do patrimonio



O alcalde de Mondariz vén de reunirse co secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo, de cara a solicitar a intervención da administración autonómica en temas culturais e de recuperación do patrimonio do concello. Xoán Carlos Montes fixolle chegar a Anxo Lorenzo a necesidade de que se dote de mobiliario a Biblioteca Pública ao tratase, incidiu o alcalde de Mondariz, "nun equipamento básico para o desenvolvemento cultural do municipio". Tamén se falou da limpeza da Ponte de Cernadela, un dos elementos patrimoniais destacados do municipio, inventariado no 'Catálogo de elementos, conxuntos e edificios a conservar' e que nestes momentos

está invadido por abundante vexetación que supón un prexuízo, non só dende o punto de vista estético, senón que afecta á propia conservación da Ponte.

Tamén con referencia á conservación do patrimonio, puxéronse sobre a mesa distintos traballos a realizar na igrexa de Gargamala. O alcalde preguntou sobre a posibilidade de que a Xunta de Galicia enviase un técnico "a fin de valorar a recuperación das pinturas da igrexa, danadas polas filtracións de auga". Tamén lle trasladou ao secretario xeral de Cultura, a necesidade de estudar un posible derrubo da coñecida como 'Casa da Obra', situada a carón da igrexa, de cara a evitar unha clara situación de feísmo.

PONTEAREAS

Ponteareas aproba o convenio de colaboración entre o Concello e as Comunidades de Montes da Picaraña

A proposta do goberno foi aprobada por unanimidade no pleno ordinario celebrado o pasado martes

Ponteareas deu o primeiro paso para converter o Monte da Picaraña nun grande Parque Forestal, tal e como anunciáran o alcalde, Xosé Represas, e o concelleiro de Medio Rural, Manuel Troncoso, o pasado mes de setembro.

A corporación local aprobou, por unanimidade, un convenio de colaboración entre o Concello de Ponteareas e as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Ponteareas, Arcos, Bugarín e San Lourenzo de Oliveira. O acordo terá unha duración de 4 anos, con posibilidade de ser prorrogado anualmente.

Trátase dun texto que foi previamente aprobado polas diferentes asembleas veciñais de cada comunidade e que permitirá "comezar coa planificación das actuacións de recreo e de medio ambiente que converterán o Monte da Picaraña nun grande parque forestal, grazas a un Plan Director

que contará coa correspondente asignación orzamentaria nos presupostos de 2016", asegurou o alcalde ponteareán, Xosé Represas, quen recordou que esta iniciativa irá en beneficio de todos, "dos veciños destas parroquias e tamén da veciñanza do casco urbano, facendo do Monte da Picaraña o parque forestal que Ponteareas precisa".

Na actualidade A Picaraña dispón de dúas rutas de sendeirismo homologadas, varias pistas de descenso de BTT, varias áreas recreativas así como elementos de atractivo turístico como a Pedra do Equilibrio e, nas proximidades, o Penedo dos Namorados, ademais de varios xacementos castrexos. Algunhas comunidades como a de Arcos teñen proxectos xa elaborados para actuacións arqueolóxicas, creación dunha senda micolóxica ou a habilitación dunha zona de escalada.



A CAÑIZA

O Entroido na Cañiza



Foto: A. Gutierrez

O pasado día 7 no pabellón da cañiza desenvolveuse como cada ano o entroido onde participaron sobre 14 comparsas entre as modalida-

des de infantil e adultos. Os premios eran a mellor carroza, a mellor disfraz e os tres primeiros clasificados de cada categoría.

PONTEAREAS

Medrando á Par comeza a súa actividade cunha gran acollida



Un total de 33 persoas, entre pais, nais nenos e nenas, participaron nas primeiras sesións desta actividade posta en marcha dende a concellería de Benestar Social e Igualdade, dirixida por Verónica Carrera

O programa de apoio a familias con nenos de entre 0 e 3 anos que o Concello de Ponteareas vén de poñer en marcha grazas á sinatura do convenio de colaboración coa asociación Medrando á Par comezou a súa andadura con éxito de participación, pois xa son 33 persoas as inscricas neste servizo e tomaron parte das primeiras sesións do mesmo. Ademais o acto de presentación que tivo lugar o pasado 11 de febreiro na Sala Usos Múltiples do Auditorio contou cunha máis que notable asistencia de familias interesadas.

Medrando á Par é una Asociación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo dar resposta ás necesidades que xorden na sociedade actual nos eidos social, educativo, familiar, ofrecendo distintos servizos desti-

nados tanto a profesionais como á poboación en xeral.

Grazas este convenio, todas aquelas familias con nenos e nenas entre 0 e 3 anos ao seu cargo, poderán participar en reunións quincenais, de xeito completamente gratuíto, nas que se abordarán cuestións relativas á educación dos nenos e nenas, ofrecendo pautas para os problemas e as necesidades que teñan as familias, como, por exemplo, lograr que o neno e a nena durma só ou que supere os medos nocturnos, entre outros. O lugar no que terán lugar estas sesións será a Escola Infantil Municipal, situada na rúa Escritor Domínguez Benavides, número 1. As sesións comezaron a pasada semana e xa existen dous grupos de idade: un para nenos e nenas entre 0 e 1 ano e outros para cativos e cativas de 1 e 3 anos. O feito de que o servizo fora presentado e de que as sesións xa estean en marcha non impide que todas aquelas familias interesadas poidan inscribirse a través do número de teléfono 657 753 670.

CRECENTE

Feijóo coas Escravas da Virxe Dolorosa, de Crecente



Foto: Hernández

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, garantiu o compromiso da Xunta coa atención á discapacidade reflectido en novas liñas de actuación e nun incremento do orzamento para 2016 dun 10%. “Estamos a falar de 94 millóns de euros dedicados exclusivamente á discapacidade”, aseverou, logo de lembrar que, “comparado co orzamento de 2009, a partida crece un 45%, pasando de 65 millóns e euros en 2009 a case 95 millóns de euros hoxe; é dicir 30 millóns de euros máis”. No tocante ás liñas de actuación, e durante unha visita ao centro residencial da congregación das Escravas da Virxe Dolorosa, en Crecente, Feijóo lembrou a mellora nun 20% dos convenios coas federacións que integran Cermi, e destacou ademais a aprobación da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2016, unha folia de ruta que recolle máis de 400 actuacións en materia de accesibilidade, promoción da autonomía persoal, educación,

formación, emprego, saúde e servizos sociais. “Así mesmo, traballamos na creación de novos servizos de atención residencial e diúrna para os diferentes colectivos da discapacidade; estamos a implantar a Rede Galega de Atención Temprá, que reforzará o apoio precoz ás persoas con discapacidade; incrementamos as axudas para adquirir servizos que promovan unha maior autonomía persoal, e estamos a apostar, ademais, pola formación dos educadores e das persoas que traballan no centros”, engadiu.

O presidente da Xunta reivindicou tamén o labor das mulleres e homes que colaboran desde a sociedade civil na atención á discapacidade, incidindo no apoio da Administración autonómica. Nesta liña, Feijóo referiuse ao traballo, esforzo e dedicación deste centro residencial, onde a Xunta está a financiar 60 prazas de discapacidade, que se suman ás 79 do centro que as Escravas da Virxe Dolorosa teñen en Mos.



Foto: Hernández

LOURIÑA

O PORRIÑO

A Copa da Raíña de balonmán terá un importante impacto no economía, o comercio e a hostalería do Porriño

A organización no Porriño da Copa da Raíña de Balonmán non so suporá que o concello sexa a capital española deste deporte os vindeiros 15,16 e 17 de abril, tamén terá unha repercusión mediática de primeira liña, coa retransmisión e seguimento do campionato nos principais medios de comunicación.

A elección do Porriño para disputa da Copa, por diante das candidaturas Valladolid ou San Sebastián, tamén suporá unha importante oportunidade para a economía local co desprazamento ata a vila de integrantes dos clubs participantes, equipos técnicos e arbitrais, directivos, patrocinadores e persoal de produción audiovisual, aos que hai que sumar o público que se achegará para seguir en directo a competición.

A súa presenza implicará un retorno económico para sectores como o do comercio, o turismo ou a hostalería,



que noutras sedes nas que se celebrou esta fase final superou o medio millón de euros no seu eido de influencia.

O presidente da Asociación de Hosta-

leiros do Porriño, José Manuel Fernández, asegura que a Copa da Raíña é unha "boísima nova para todos" que, asegura, suporá "publicidade para o

pobo e xerará riqueza tantos os días de competición como os anteriores". Fernández agarda unha ocupación total para os establecementos locais e afirma que os mesmos estarán preparados para esta gran ocasión.

Na opinión da alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acoller a fase final da Copa da Raíña ten unha triple importancia, en primeiro lugar supón "un recoñecemento ás estupendas tempadas que veñen facendo as nosas xogadoras en todas as categorías e a capacidade de xestión e organización do Club Balonmán Porriño"; implica "dar a coñecer o noso concello aos centos de miles de afeizoados ao balonmán, que seguirán a competición polas retransmisións e as crónicas deportivas, que se difundirán en todos os medios de comunicación de España" e, por último, é unha "inxección económica para os nosos establecementos hostaleiros e comerciais".

A alcaldesa e a Asociación de Hostaleiros acordan traballar coordinados para reactivar a actividade económica sector do porriño

A alcaldesa do Porriño mantivo unha reunión de traballo coa nova xunta directiva da Asociación de Hostaleiros, elixida o pasado mes de xaneiro, encabezada polo seu presidente, José Manuel Fernández.

Na xuntanza, Eva García de la Torre deu conta á directiva do programa de actividades de lecer, culturais e deportivas programadas no concello durante todo este ano que, como indicou, "ademais de servir como entretenimento para os veciños, están pensadas para dinamizar a economía da vila".

A intención do Concello é que haxa propostas durante a meirande parte deste 2016, empezando, nunhas semanas coa celebración de fase final da Copa da Raíña de Balonmán, seguindo co Festival de Cine de Cans-que terá actividades en todo o Porriño os días antes do seu inicio- ou emprender o relaxamento da Festa dos Cachos, que terá un contido



máis gastronómico, como pediron os hostaleiros.

En xullo está prevista a celebración de Porrigalia, en agosto o Concello pretende

organizar actuacións musicais e culturais, e está estudando a posibilidade de que sesións de cine ao aire libre; seguirá setembro coa Festa do Cristo e a Festa dos Callos, en novembro o Pinchorriño e podería volver a plantexarse a 'Ruta sen alcohol', antes de chegar á programación do Nadal.

Eva García de la Torre e José Manuel Fernández estiveron dacordo en que haxa unha coordinación entre Concello e a Asociación de Hostaleiros do Porriño de xeito que todas as actividades poidan programarse e organizarse con anticipación de xeito que beneficien aos asistentes, teñan repercusión nos medios de difusión e haxa unha "reactivación" da economía local, tanto no que se refire a cafeterías, terrazas ou restaurantes, como do Comercio, sectores que crean un importante tecido laboral e que son o centro da proxección dos produtos da vila, un dos sinais de identidade do Porriño.

Citania
Mobiliario & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 • Salceda de Caselas
Telf./Fax: 986 34 06 06
www.facebook.com/citania • info@citaniasalceda.com
www.citaniasalceda.com

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACION E ASESORAMENTO DE EMPRESAS

José Abrales Amil
Economista

Rúa Domingo Bueno, 4
Entrechán A
36400 Porriño

Telf.: 986 33 82 90
Fax: 986 34 43 87
www.orgaserco.com

O PORRIÑO

Carnaval en O Porriño



Foto: Hernández



Foto: Hernández

Fontevella Teatro cumpre 21 repretando 'prohibido casar'



Os vellos non deben de namorarse...agás do teatro. Ese podería ser o lema dos integrantes de 'Teatro Fontevella', quince homes e mulleres que dende hai vinteun anos saen a escena dentro e fora do Porriño, o seu berce.

A nova non chegaría a mais se nin fose porque nesta 'compañía' os seus integrantes teñen entre 68 e 88 anos de idade. Empezaron en 1995 nas clases de lectura para maiores do concello e da man de Chelo Pampillón e do grupo 'Atrezo' crearon, coa seu estilo e a súa vontade, un xeito novo de representar. So catro dos seus fundadores seguen hoxe de 'xira' con Fontevella que pode presumir de ter un dos elencos máis experimentados e aplaudidos da escena galega do que, ata hai moi pouco, formaban parte actrices e actores de 92, 93, mesmo 98 anos que foron quen de adaptar obras de Castelao, Casona, Millán e, xa máis recentemente, de Ramilo ou de Doro Piñeiro. Precisamente de Piñeiro é a obra coa que celebrarán, este xoves, día 18, ás 8 e

media da tarde na Casa da Cultura do Porriño, as súas dúas décadas e un ano entre a traxedia, a comedia e o drama. 'Prohibido casar' levantará o telón con Adriano Campos, Jorge P. Fontenla, Amparo Tellado, Ofelia Méndez, Marina Tellado, Valentina Boullosa, Lola Vila, Norma Pérez, Flor Gordo e Damián Alonso, nos seus principais papeis nunha velada de teatro que, como dixo Federico García Lorca "é poesía que sae dun libro para facerse humana".

A alcaldesa, Eva García de la Torre, anima a todos os veciños a achegarse á Casa da Cultura para gozar da representación e para amosar o orgullo do Porriño de contar cunha das compañías máis admiradas de Galicia que, "dende hai máis de dous décadas levan o seu arte, a súa imaxinación e o seu exemplo ligado aos porriñeses".

É unha boa razón para estar o xoves que ven na platea, aínda que se cadra hai outra mellor escrita nun dos papeis que deixou Arthur Miller, "o teatro chega onde non chegan outros agarimos".

Porriño sede do Campionato de España Infantil Femenino de Clubs de Baloncesto

O Concello do Porriño, coa colaboración da localidade veciña de Tui, acollerá esta cita, confiando en repetir o éxito organizativo colleitado no ano 2011 en ambas as vilas coa celebración do Nacional na súa categoría Júnior masculina.

Federación Galega de Baloncesto e Concello de Porriño confirmaron este mércores o compromiso oficial polo cal esta vila, coa colaboración do Concello de Tui, convértese en escenario principal para o Nacional de Clubs Infantil Femenino, que terá lugar entre os días 12 e 18 do vindeiro mes de xuño.

O Presidente da Federación Galega de Baloncesto, Francisco Martín, recibiu esta

mañá na sede central da FGB ao Concelleiro de Deportes de Porriño, Manuel Carrera. Reunidos, perfilaron os detalles do acordo polo cal Porriño repetirá como o plató principal do espectáculo deportivo que sempre traen consigo os 32 equipos que participan nun Campionato de España. A aposta polo baloncesto feminino e pola capacidade organizativa das vilas de Porriño e Tui, centrou a conversa previa á sinatura do convenio oficial. Tanto Francisco Martín como Manuel Carrera agradeceron a "confianza mutua" amosada polas dúas institucións que representan e mostráronse convencidos da "oportunidade única" a nivel social e económico que supón a máxima cita co Baloncesto Base.



LOURIÑA

O PORRIÑO

Preto de 1.000 vivendas do Porriño xa se poden conectar á Rede Xeral do Saneamento

Un total de 960 vivendas do Porriño poden engancharse xa a rede xeral de saneamento logo do remate das obras que abrangue o proxecto de Accións Prioritarias acometidas polo Concello. Como se comprometeran a alcaldesa, Eva García de la Torre, o concelleiro de Vías e Obras e primeiro tenente de Alcalde, Manuel Carrera, as melloras estaban rematadas a principios deste ano e, logo de que se efectuase a súa recepción municipal e por parte do Consorcio do Louro como se fixo no Comité Directivo do pasado día 1, xa e posible realizar ás conexión á mesma.

Veciños de Chenlo, Mosende, Pontellas, Torneiros, Cans ou a bisbarra de Carracido, xa poden enganchar as súas vivendas á rede xeral. Para elo teñen que ter rematado os trámites diante co Consorcio do Louro e, no caso de non telos feitos, dirixirse ás oficinas que este organismo ten no Porriño.

Manuel Carrera subliña que se trata “dunha obra de vital importancia para os porriñeses” coa que se incrementa, de xeito moi notable, a porcentaxe de familias do Concello que poden conectar coa rede xeral do saneamento, “tal e como se comprometera o goberno

local dende que empezara a súa xestión hai algo máis de 6 meses”. O orzamento total deste proxecto superou os 3 millóns de euros, unha inversión posible logo do acordo entre o Concello e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Manuel Carrera quere pedir desculpas aos veciños polos prexuízos e molestias que tiveron que sufrir durante o tempo que tardaron en rematar estas melloras, agradece a súa comprensión e lembra que este é “un paso moi importante e definitivo para o saneamento integral de todo o concello antes de que remate este mandato”.



A alcaldesa do Porriño e o presidente de Cogami asinarán un convenio para eliminación de barreiras arquitectónicas en toda a vila

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada dos concelleiros de Vías e Obras, Manuel Carrera, e de Tráfico, Orlando Márquez, mantivo unha xuntanza co presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), Anxo Queiruga, o responsable desta asociación na provincia de Pontevedra, Celso Álvarez, como paso previo a sinatura dun convenio entre o Concello e Confederación Galega de Minusválidos que permitirá

adaptar a vila ás necesidades das persoas con mobilidade reducida.

Durante a reunión, na que estivo tamén presente Israel Mercader, integrante da lista electoral do PSOE nas pasadas Eleccións Municipais e histórico loitador pola integración e a igualdade no Porriño, acordouse que o Concello elaborará un ‘Plan Director’ de eliminación de barreiras arquitectónicas en toda a vila que integrará o convenio entre o Concello e COGAMI, convenio que terá

unha duración de catro anos. COGAMI asesorará ao goberno local na realización de todos os proxectos que acometa a Concellería de Vías e Obras, nunha primeira fase en edificios e dependencias municipais, instalacións deportivas, beirarrúas, pasos de peones, mobiliario urbano e estacionamentos do casco urbano e, de seguido, no conxunto das parroquias. Ademais, o Concello impulsará un ‘Plan de Emprego’ que terá como finalidade a eliminación de barreiras.

30 desempregados do Porriño empezarán a traballar en distintos servizos municipais

O Concello do Porriño contratará nos vindeiros días a 30 veciños desempregados, que traballarán, durante 8 meses, como persoal de apoio en distintos servizos municipais. O orzamento total, con cargo aos fondos do “Plan concellos 2016”, da Deputación, alcanza os 228.000 euros.

Isto é froito do convenio asinado entre a Alcaldesa do Porriño e a Presidenta da Deputación de Pontevedra por un total de 1.014.000 euros; 256.000 máis que o ano anterior.

O ‘Plan de Concellos 2016’ esixe que un 22,5% desta cantidade ten que ir para proxectos de Fomento do Emprego e para a Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos -en total 228.100 €- e un 3,75%, para Actividades Municipais, 38.000 €, “podendo decidir, en calquera caso, o Goberno Local as iniciativas que aproba e nas que quere investir”. Será a Oficina de Emprego a que realice a selección de persoal entre aquelas candidatas/os que cumpran cos requisitos sinalados na convocatoria: ser demandantes de traballo que esgotaron xa a prestación a as axudas familiares. Poderán participar na mesma que nes si perciban a Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA), Renda Activa de Inserción (RAI) ou a axuda do Plan Prepara.

Os postos que se cubrirán serán: 4 oficiais albaneis de primeira; 6 peóns de obra pública, 1 oficial de carpintería, 1 oficial de fontanería, 1 oficial electricista e 1 oficial cerralleiro; 1 condutor de maquinaria forestal, outro de camión de remolque ou tracto camión e 2 pintores de bandas de vía urbana. Todos eles estarán destinados ao Servizo de Obras Municipais. Para o Departamento de Parques e Xardíns e Limpeza Viaria, se seleccionarán 10 peóns de xardinería e un operario de vehículos.

A Concellería de Emprego quere, ademais poñer en valor o labor do Centro de Formación de Torneiros -para o cal se destinará un conserxe de tarde- “que ten que ser un lugar de referencia no que os veciños depositen a súa confianza e no que todas as Administracións, a marxe do Concello, deberían implicarse, aínda máis á vista da tarefa que desenrola”



O PORRIÑO

A aposta por un Porriño limpo empeza a facerse realidade co cambio de colectores

“O prioritario é, como comentou a alcaldesa en varias ocasións, regularizar o servizo de limpeza e de recollida do lixo no concello”. Orlando Márquez, concelleiro de Limpeza, Parques e Xardíns e Tráfico, sinala este como un dos principais obxectivos do departamento que dirixe e que, indica, “é esencial para garantir un servizo de limpeza municipal efectivo”.

O goberno local, indica Márquez, quere “facen un traballo integral no que ten que ver coa limpeza e a recollida de residuos”. Isto pasa polo tratamento dos residuos sólidos urbáns, con colectores de recollida de papel, vidro e compostaxe, ademais da aprobación de exencións en taxas municipais e, como aprobou o Pleno do Concello, aplicar a modificación da Ordenanza Fiscal do Lixo, que recolle novas taxas para as familias, o comercio e as industrias radicadas no Porriño, “unha parte moi importante é que, por primeira vez, se aplicará a exención no pago do recibo do lixo a familias en situación de necesidade”.

Esta mesma semana, sinala o concelleiro, xa se remprazaron os colectores de papel, e xa se colocaron 35 novos, de cor azul e carga lateral, no casco urbán. Nas vindeiras semanas, se iniciará o “cambio dos vellos contedores do lixo orgánico, de tapa superior, en todas as parroquias”, serán máis de cen, o que permitirá dar o paso que a instalación de illas de reciclaxe con colectores de papel, vidro e residuos sólidos. Ademais, a aqueles emprazamentos nos que non sexa posible colocar recipientes de carga lateral, chegará un camión para garantir a recollida do lixo.

O proxecto dun ‘Porriño limpo’ pasa, tamén, comenta o concelleiro, “pola colaboración



de todos” e, neste sentido, está en estudo a colocación de papeleiras en todo o municipio, unha campaña de información sobre o Punto Limpo e a mellora no mantemento de camiños e beirarrúas.

O goberno local tamén incluírá nos orzamentos do ano que ven a humanización de Torneiros, cunha “actuación integral, que axude a crear contornas amábeis, con máis zonas verdes”. O proxecto abrangue a instalación, en todas as parroquias e no centro, de mobiliario urbán, ademais de papeleiras, “bancos, iluminación e novas sinais”.

Polo que se refire ao tráfico, Márquez sinala como actuacións urxentes a delimitación e

sinalización dos aparcamentos reservados a persoas con mobilidade reducida, que empezarán a ser “pintados e delimitados cunha nova sinalización, vertical e horizontal”, tal e como acordaron a alcaldesa e o presidente de COGAMI, unha actuación que seguirá polos pasos de peóns, sobre todo nas parroquias, que en moitos casos xas non son visibles e que é necesario volver a sinalar, mesmo que as liñas de beirarrúas, desvíos e cruzamentos.

Nas semanas pasadas, engade Orlando Márquez, púxose en marcha a mellora e recuperación dos parques e xardíns municipais. O primeiro paso xa está rematado: a poda das árbores en todo o concello.

A policía local do Porriño detén a dous supostos maltratadores

Axentes da Policía Local do Porriño realizaron nos días pasados varias actuacións contra dous presuntos autores de delitos de violencia de xénero cometidos no concello.

A.P.G. veciño de Mos de 23 anos, foi arrestado logo da chamada da súa ex parella á Policía. Os axentes dirixíronse a unha vivenda da rúa Domingo Bueno onde comprobaron que o home insultaba e ameazaba de morte á denunciante. Polos feitos procederon á súa detención como presunto autor dun delito de violencia machista pasando ás dilixencias e o denunciado a disposición xudicial.

Ademais, as axentes detiveron a outro home, A.M.V.S. veciño do Porriño de 44 anos acusado de agredir na rúa á súa parella á que causou varias lesións. A Policía Local fora alertada por unha chamada telefónica na que avisaban de que un home estaba pegando a unha muller preto do mercado de Abastos.

Cando os policías chegan ao lugar asisten á vítima e chaman a unha ambulancia que a traslada a un centro médico. Logo de falar con varias testemuñas dos feitos que relatan a agresión, os axentes localizan ao presunto agresor e proceden ao seu arresto como suposto autor dun delito de violencia de xénero, pasando as dilixencias e o suxeito a disposición xudicial.

Por último, o pasado domingo, preto das 4 da tarde, unha persoa telefóna ao 092 para denunciar o roubo dun coche, modelo Mercedes Sport. A Policía Local localiza o coche sobre as 9 da noite dese mesmo día confirmando que o seu roubo fora denunciado nas dependencias da Garda Civil.



LOURIÑA

O PORRIÑO

Festa da Camelia en Porriño

Foto: Hernández



Foto: Hernández



Foto: Hernández

Acordo de deslinde entre mos e Porriño

Os secretarios municipais elaborarán conxuntamente a acta que fará oficial este consenso que resolve unha situación histórica



Hoxe ás 13.00 horas celebrouse no lugar do Cristo de Belén a Comisión de Deslinde entre Mos e Porriño á que asistiron as alcaldesas de ambos Concellos, a mosense Nidia Arévalo e a porriñesa Eva García de la Torre, xunto con edís, secretarios e técnicos municipais de ambas administracións locais; e os veciños/as de maior idade das zonas implicadas, tanto do municipio de Mos (parroquia de Pereiras) coma do de Porriño (núcleo urbán). Finalmente chegouse a un acordo satisfactorio e consensuado entre ambas partes establecéndose o edificio en cuxo baixo se atopa a empresa AD Grupo Regueira no termo municipal do Porriño e o edificio colindante xunto co vial adxacente no termo municipal de Mos. O marco de deslinde entre ambas localidades será colocado no centro da rotonda do Cristo de Belén.

O seguinte paso a dar a continuación é a redacción da acta de deslinde, que será elaborada conxuntamente entre o secretario municipal do Porriño e a secretaria de Mos. Unha vez redactada, procederase á sinatura da acta e o deslinde pasará a ser oficial a tódolos efectos.

O encontro desta mañá caracterizouse pola boa sintonía entre ambas alcaldesas, chegando conxuntamente, Arévalo e García de la Torre, ó acordo para solucionar, entre outros, o problema do grupo de veciños que actualmente tributa por Mos e que se consideran habitantes do Porriño. Queda polo tanto solucionada unha problemática histórica con este acordo da Comisión Intermunicipal de Deslinde, para tranquilidade dos veciños e veciñas afectados/as tanto mosenses como porriñeses.



Alhambra
Hamburgueseria
Multielaborados Cárnicos
C/ Antonio Palacios 36 - Bajo
☎ 986 348 389
36400 - PORRIÑO

SALCEDA

O Goberno Municipal urxe a PP e PSOE a aprobación inicial do PXOM para "salvar" a nova Lei do Solo

Advirte das graves consecuencias económicas e de prazos que perxudican aos veciños e veciñas de Salceda.

O Goberno municipal de Movemento Salceda afirma que o PP e o PSOE de Salceda teñen que escoller: ou parar costraballos do PXOM e deixalo morrer, ou continuar cunha mínima lealtade e "sentidiño". O Goberno Municipal espera que desta vez a oposición tome a decisión mellor para o pobo de Salceda, xa que urxe a Aprobación Inicial do PXOM para continuar cos traballos entre todos e todas.

Lembran dende o Goberno Municipal que o Documento do PXOM de Salceda aínda non foi aprobado inicialmente, e está en grave perigo coa aprobación este martes 9 de Febreiro da nova Lei do Solo, xa que todo o traballo feito nestes anos pode ser baldío. A nova Lei, no caso de Salceda, obrigaría a comezar a tramitación dende o principio. A adaptación á nova Lei do Solo de Galicia pode supor ademais a



■ Xuntanza do equipo de goberno co arquitecto municipal e o representante de Consultora Galega

Rescisión do Contrato da empresa redactora Consultora Galega e a paralización definitiva do proceso, de feito, Consultura Galega xa advertiu que nin a adaptación á nova Lei, nin o proceso de "su-

xerencias" das últimas semanas estaba nos Pregos nin no Contrato asinado.

Proba da importancia do momento en que se atopa o PXOM de Salceda é que moitos Conce-

llos están apurando nas últimas semanas as Aprobacións Iniciais e Provisionais dos seus documentos (Ponteareas, Mos, Soutomaior) para escapar das negativas consecuencias da Lei.

Todos os Grupos do Parlamento pactaron unha Disposición Final para que, por primeira vez na historia, a nova Lei entre en vigor 1 mes despois da súa saída no Diario Oficial de Galicia (DOGA), pensado precisamente para conceder tempo a Concellos como Salceda, O Rosal, Vilaboa ou Catoira, para que así poidan facer as Aprobacións Iniciais.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda, afirma que "urxe aprobar inicialmente o PXOM e abrir un período de Exposición Pública que pactemos (os 2 meses da Lei...máis os que decidamos), para que os veciños e veciñas e propietarios/as poidan facer as Alegacións que correspondan coa máxima transparencia e seguridade xurídica. Tempo teremos para cambiar o que haxa que cambiar: primeiro hai que SALVAR o traballo feito, e GARANTIR o futuro do proceso."

Donicelas presenta o seu segundo disco



No Auditorio Municipal de Salceda tivo lugar a presentación do segundo traballo discográfico do grupo salcedense Donicelas. O traballo leva o nome do mesmo grupo. Donicelas nace no ano 1992 no seo do CEP Altamira, continuando con unha actividade escolar posta en marcha polo colexio da man de Antón López (Treixadura). As súas experiencias discográficas foron primeiro facendo colaboracións con outros grupos ("Obrigado" de Treixadura no 1996 e "Feitizo" de Na Lúa no 1999). No ano 2005 presentaron

o seu primeiro traballo propio, "Que Nunca foi Abalada", e agora chega o seu segundo disco, que levará por nome "Donicelas".

Na grabación, que agora presentan, realizada en Estudios Ancestral (Ponte Caldelas), o grupo conta coa colaboración de artistas convidados como: Uxía Senlle, Paulo Nogueira, Isaac Millán, Miriam Lorenzo e antigos compoñentes que estiveron no grupo (Xosé L. Sanromán, Xulio Lorenzo, Isa Troncoso, Tere Pérez e Olaia Alonso).

O seu repertorio baséase en pezas populares da música tradi-


cional. Neste último traballo contan tamén con pezas de autores como Paulo Nogueira compositor da muiñeira que dá título ó disco Donicelas, que o compoñente de Treixadura creara no 2012 como agasallo no 20 aniversario do grupo; Xesús Díaz (compoñente do grupo) compositor da Rumba dos Anaquiños e, por último, Xulio Lorenzo autor da Muiñeira de Mos incluída no arranxo de Costureiriña.

O traballo discográfico está a venda dende principios de ano, e o sábado poderase adquirir no concertó de presentación.

O Concello de Salceda colabora na presentación do traballo. Así mesmo, a Concellaría de Cultura adquirirá 100 discos do grupo para empregar como agasallo institucional, contribuíndo así á difusión do traballo discográfico entre institucións e visitantes do municipio.

Teresa Pérez, Concelleira de Cul-

tura: "Tras máis de 20 anos chega o esperado traballo de Donicelas. Salceda segue a demostrar que é berce da mellor música, tamén no ámbito tradicional. Donicelas son xa un referente na nosa música despois de tantos anos; con este novo disco seguirán a soar por toda a nosa xeografía".



LOURIÑA

SALCEDA

0 Salcedense Roberto Oliveira actuou no Festival “Extravaganza” de Percusión, en Dublin

Roberto Oliveira interpretou obras de compositores galegos



Os pasado día 14 do mes que andamos, co gallo do Festival “Extravaganza” de percusión en Dublin, Irlanda, o percusionista de Salceda interpretará un total de 5 obras do arxentino Jorge Variego e do cántabro Jesús Navarro, que forman parte dun programa maioritariamente con sabor galego. Roberto Oliveira estreará tres obras de compositores galegos.

–“Naturalis Historia”: obra do lucense Rubén Vizcaino, baseada na enciclopedia sobre zooloxía, botánica e astronomía escrita por Plinio O Vello no século I.

–“Holograms”, do compositor rianxeiro

Antón Alcalde, baseada en capas textuais como se dun holograma se tratase.

–“Akompaña”, do goianés Andrés Álvarez, baseada nunha das lendas máis coñecidas e escalofrantes da tradición oral galega: A Santa Compañía.

Cunha estreita relación con Irlanda, Oliveira volveu a subirse ao escenario na cidade que foi a súa residencia.. Licenciado polo Koninklijk Conservatorium de La Haya e cun Master na Dublin City University, está considerado un dos artistas máis creativos e innovadores do panorama da música contemporánea para percusión.

Salceda pon en marcha cinco novas accións formativas

A Concellaría de Formación e Emprego de Salceda de Caselas, que dirixe Loli Castiñeira, ven de anunciar a posta en marcha de cinco novas accións formativas, incluídas dentro do Primeiro Plan Municipal de Formación 2016. Os cursos van dirixidos, especificamente, a persoas en situación de desemprego e que estean dadas de alta na Bolsa de Emprego Municipal. A iniciativa buscar mellorar a cualificación profesional dos/das participantes de cara a facilitar a súa inserción no mercado de traballo.

As persoas interesadas en participar nestes cursos deberán presentarse no día e horas indicadas para cada un deles no CDL 'O Torrón', onde realizarán a inscrición e a correspondente proba de selección.

Os cursos a impartir serán os seguintes:

- Alérxenos e Manipulación de Alimentos; de 30 horas de duración. A inscrición e proba de selección será ás 10 h do día 22 de febreiro.
- Axudantes de cocina; de 40 horas lectivas. Inscrición e proba de selección ás 10 h do día 23 de febreiro.
- Informática dende cero; de 40 horas.

Inscrición e proba de selección ás 10 h do 24 de febreiro.

- Manipulador/a de carretillas elevadoras; con 20 horas de duración. Inscrición e proba de selección o 25 de febreiro, ás 10 h.
- Técnicas de mobilización de persoas dependentes; 20 horas con inscrición e proba de selección ás 10 h do 7 de marzo.

Os requisitos para poder acceder a estes cursos serán o de estar en situación de desemprego e inscritos ou inscritas na Bolsa de Emprego Municipal con data anterior á solicitude do curso. Tanto as datas de realización dos cursos como o programa formativo, pódense consultar no CDL 'O Torrón' ou na web www.salcedaemprego.es

A concelleira de Emprego e Formación, Loli Castiñeira, salientaba a importancia destas actividades formativas. Marcos Besada, Alcalde: “Este Plan Municipal de Formación vai destinado a mellorar a preparación das persoas que nel participan e facilitar que poidan acceder, con maiores garantías, a un mercado laboral cada día máis competitivo”.



Os socialistas levarán o Plan Xeral polas parroquias

Os Centros Culturais das parroquias acollerán charlas informativas sobre o Plan Xeral.

A voceira socialista, Verónica Tourón recalca que a pretensión é que todos os veciños e veciñas teñan oportunidade de coñecer o documento antes de que sexa levado a aprobación inicial.

Dende a executiva sinalan que o Plan Xeral debe facerse baixo as máximas garantías de información, participación e transparencia, e por este motivo queren que os veciños o coñezan. Por iso, a pesar de

que xa o PSOE fixo unha charla no centro agora tamén quere-mos levalo a todas as parroquias, sinala Gela Ledo, concelleira.

As charlas serán ás 20:30 horas nos centros culturais: Luns, 15 de febreiro Budiño. Martes, 16 San Xurxo. Mércores, 17 Picoña. Xoves, 18 Entenza. Venres, 19 Soutelo. Martes, 23 Parderrubias. Mércores, 24 Barreiro. Sábado, 27 de febreiro no barrio da Feira.



Salceda bota a andar a “Escola de Maiores”

A voceira socialista, Verónica Tourón recalca que a pretensión é que todos os veciños e veciñas teñan oportunidade de coñecer o documento antes de que sexa levado a aprobación inicial.

Dende a executiva sinalan que o Plan Xeral debe facerse baixo as máximas garantías de información, participación e transparencia, e por este motivo queren que os veciños o coñezan. Por iso, a pesar de que xa o PSOE fixo unha charla no centro agora tamén quere-mos levalo a todas as parroquias, sinala Gela Ledo, concelleira.

As charlas serán ás 20:30 horas nos centros culturais: Luns, 15 de febreiro Budiño. Martes, 16 San Xurxo. Mércores, 17 Picoña. Xoves, 18 Entenza. Venres, 19

Soutelo. Martes, 23 Parderrubias. Mércores, 24 Barreiro. Sábado, 27 de febreiro no barrio da Feira.



■ De esquerda a dereita: Tere Pérez, Concellera de Benestar Social; Loli Castiñeira, Concellera de Formación e Emprego; Marcos Besada, Alcalde de Salceda; Antonio Rivera, Presidente da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Salceda; Noelia e Rocío, xerentes de Edukatil, empresa encargada da actividade.

MOS

Festival de Entroido en Mos

Foto: Hernández



Membros do Clube Natación Master Mos celebrando o seu trunfo como Campións galegos, nas probas celebradas recentemente en Ponteareas



Políticas de emprego en Mos

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral, José Alfonso Marnotes González, visitou a Axencia de Colocación de Mos para coñecer de primeira man o Plan Integrado de Emprego, PIE Mos 3.0. Esta iniciativa conta co apoio económico da Xunta de Galicia que financia o Plan por medio dunha subvención de 281.506,97 euros. Beneficianse desta acción un total de 90 usuarios/as do Plan Integrado de Emprego Mos 3.0. Entre estas 90 persoas hai 42 mulleres, 48 homes, 37 menores de 25 anos, 40 entre 25 e 40 anos e 12 maiores de 40 anos. En canto ós seus perfís por nivel de estudos 26 teñen estudos primarios, 28 Graduado en ESO, 29 ciclos formativos, 3 Bacharelato e 3 estudos universitarios.

Existe unha importante colaboración empresarial con este proxecto contactando, coas empresas colaboradoras dos máis diversos sectores, para detectar os perfís profesionais que estas demandan, ofrecendo así aos usuarios do plan, actividades formativas adaptadas a estas necesidades e realizando convenios de colaboración para realizar as prácticas profesionais coa posibilidade de futuras contratacións.

O Plan Integrado de Emprego Mos 3.0, que se prolongará ata finais de agosto deste ano, inclúe sesións de orientación laboral personalizadas con cada un dos usuarios do plan para valorar o seu perfil profesional, detectar as necesidades formativas de cada un deles e establecer un itinerario personalizado de inserción laboral.



Mos traballa nun proxecto integral de mellora do Pavillón Óscar Pereiro

O Concello de Mos está a redactar un proxecto de mellora do Pavillón Óscar Pereiro, cun orzamento que ascende a 150.000 euros, e que se pretende poñer en marcha neste ano 2016.

Son obras consideradas de gran importancia por parte dos representantes municipais por tratarse destas dunhas instalacións deportivas cunha enorme afluencia de usuarios, moitos deles nenos/as e nais/pais en horario de tarde. Tal é o uso deste pavillón municipal que á semana pasan por el unha media de preto de 4.000 persoas.

O Pavillón Óscar Pereiro está conformado por unha edificación de certa antigüidade e cuxo deterioro normal polo paso dos

anos requiría dun proxecto de mellora integral deste tipo.

As tres liñas de actuación que contempla este proxecto de mellora do Pavillón Óscar Pereiro son:

1. Novos vestiarios para a piscina, que darán servizo principalmente á demanda de grupos de nenos pequenos, que son acompañados por adultos.
2. Reparación de humidades no ximnasio, ocasionadas polas filtracións dos vestiarios da planta superior, que dan servizo á piscina.
3. Reparación da cuberta da piscina mediante a substitución do cerramento actual e a reparación dos elementos estruturais danados.

O Clube de Natación Master Mos gaña o Campionato Galego de Inverno

Celebrouse en Ponteareas o Campionato Galego Master de Inverno, organizado pola Federación Galega de Natación e o Clube de Natación de Ponteareas, con máis de 260 participantes de entre 20 e 84 anos, nunha categoría que aglutina nadadores veteranos e afeccionados. Un total de 19 clubs procedentes de toda Galicia competiron en catorce probas diferentes divididas en varias subcategorías.

O esforzo e entrega do Clube Master Mos viuse recompensado neste Campionato, no que o Clube acadou a primeira posición de clubs, sendo Campión Galego Master de inverno. Ademais das diferentes medallas acadadas polos nadadores nas diferentes probas, o clube conquistou varios records galegos en probas individuais: a nadadora

María Ferreira foi proclamada campiona feminina de Augas Abertas de Galicia, e así mesmo, Celia Iglesias Blanco, de 83 anos, acadou a medalla de ouro nas 3 probas individuais nas que participou, ademais do trofeo á nadadora de maior idade de Galicia.

O Clube Master Mos, formado por 35 nadadores con idades comprendidas dende os vinte ata os oitenta e tres anos, leva participando dende a súa fundación no ano 2010, nas ligas, campionatos da FEGAN e campionatos de España.

No XXII Campionato de España Open de Inverno Natación Master celebrado do 28 ó 31 de xaneiro en Gijón, o clube mosense fixo un gran papel coa participación de 3 nadadores, entre os cales Salvador Sío acadou a medalla de prata na proba de 50

metros braza e Gema Sánchez, o bronce en 200 metros bolboreta, nas súas respectivas categorías.



BIAXO MIÑO

TUI

Rotundo éxito do I Trofeo Concello de Tui de Bádminton

Máis de 160 participantes e 300 partidos xogados no pavillón do IES San Paio de Tui



■ Trofeo Bádminton - Absoluto.



■ Trofeo Bádminton - Sub 17.



■ Trofeo Bádminton - Sub 13.



■ Trofeo Bádminton - Sub 11.

O pasado domingo, 7 de febreiro, celebrouse o I Trofeo de Bádminton Concello de Tui, sétima proba do Circuito Babolat-Deportes Carlos Miguel, organizado polo Club Bádminton Tui e Club Bádminton Rachaplumas, en colaboración co Concello de Tui. No mesmo participaron máis de 160 xogadores e xogadoras que disputaron ao redor de 300 partidos ao longo do día.

Ata Tui desprazáronse participantes de 15 entidades da provincia de Pontevedra: Club Bádminton Os Sauces de Pontevedra, CB Cangas e Colexio Compañía de María de Cangas, Colexio Ángel da Garda e Colexio Estudio de Nigrán, Club Bádminton Tui, Escolas Deportivas Municipais de Salceda de Caselas, CB Pontearreas e as entidades de Vigo Escola Rosalía de Castro, as escolas deportivas de Manuel Antonio, Pista Vermella e Etea, o Colexio Don Bosco, o CB Cies e o CB Rachaplumas.

Dende as nove da mañá e ata as nove da noite o pavillón do IES San Paio acolleu unha intensa xornada de bádminton na que se xogaron trescentos vinte partidos. As entidades de Vigo Club Bádminton Rachaplumas (4 ouro, 2 pratas e 4 bronce) e o colexio Rosalía de Castro (2 ouro, 4 pratas e 4 bronce) coparon o podium, sendo un dos destacados o club local Club Bádminton Tui, que acadou un ouro (Carla Giraldez en categoría sub13)

e tres bronce (Telmo Portela en sub11, Marcos González en sub13 e Fabián Barreiro en absoluto).

O Concello de Tui desexa felicitar aos responsables do Club Bádminton Tui e do Club Bádminton Rachaplumas, Marisa Giraldez e Juan Manuel Vila, pola perfecta organización deste primeiro trofeo de bádminton e pola promoción desta modalidade deportiva entre a poboación tudense.

O Concello de Tui felicita ao tudense Raúl Mansinho, Campión de España Infantil de Campo a Través

Participou co Club San Xerome Emiliani no Campionato de España de Campo a Través disputado no circuito do Campo do Palacio da Magdalena de Santander



O Concello de Tui desexa felicitar ao deportista tudense, Raúl Mansinho, polo título logrado de Campión de España de Campo a Través da FEDDI, (Federación Española de Deportes para persoas con Discapacidade). Este xove tudense acadou a primeira posición na categoría infantil na que foi a súa primeira participación nun

campionato. O Concello de Tui fai extensiva a súa felicitación aos integrantes do Club San Xerome Emiliani, deportistas e adestradores, polos excelentes resultados acadados no campionato de España, celebrado o 30 de xaneiro no Campo do Palacio da Magdalena de Santander, e polo traballo que realizan no club ao longo de estes anos.

Tui contrata 22 persoas co Plan de Concellos da Deputación Provincial

O Concello de Tui vai contratar a 22 persoas desempregadas ao abeiro da liña 4 do Plan de Concellos da Deputación de Pontevedra para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais.

En concreto Tui solicitou a contratación de 5 peóns varredores, 5 peóns de obras públicas, 3 albaneis oficiais de segunda, 1 carpinteiro oficial de segunda, 1 condutor de camión oficial de segunda, 1 soldador oficial de segunda e 6 auxiliares administrativos. A Oficina de Emprego de Tui será a encargada de realizar a sondaxe de candidatos entre os inscritos na mesma. Os contratos serán de 35 horas semanais e rematarán o 31 de decembro deste ano




TUI - VALENCA

Presentación do Calendario Deportivo da Eurocidade 2016

No Salón de Plenos do Concello de Tui, presentouse o calendario Deportivo da Eurocidade, que contará neste ano 2016 con vinte e un eventos deportivos.

Na rolda de prensa estiveron presentes o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o presi-

dente da Cámara de Valença, Jorge Salgueiro, os concelleiros de deportes de Tui e Valença, Laureano Alonso e José Monte, o concelleiro da Eurocidade, Miguel Capón, así como os presidentes e directivos dos clubs colaboradores destes eventos deportivos





UNHA NOVA DEPUTACIÓN

TOMIÑO

Tolemia de amor no mercado de Tomiño



É coma no conto de Alicia, calquera cousa podía pasar e ... esta semana pasou.

Primeiro foi o pescadeiro quen sen previo aviso namorouse dunha pescada do pincho; a roiteira non paraba de dicir que andaba en amores cun repolo do Baixo Miño. Para rematar a semana de amor, o sábado

e o domingo celebrouse o DIA DOS NAMORADOS co II festival da cervexa artesá, por que estamos namorados da boa birra.


Música en directo, tapas, pinchos cervexa e moito arte.

Mais información en facebook.com/mercadotomino

Pride, unha comedia británica no cineclub Poleiro o xoves 14

O cineclub Poleiro proxectou Pride, de Matthew Warchus, no auditorio de Goián. Pride (Orgullo) é unha comedia dramática británica baseada en feitos reais que trata a homosexualidade.

En 1984, sendo primeira ministra Margaret Thatcher, o sindicato Nacional de Mineiros convoca unha folga. Un grupo de gays e lesbianas recauda fondos para axudar ás familias dos traballadores na manifestación do orgullo Gay en Londres pero o sindicato rexeita os cartos. O grupo decide poñerse en con-



tacto directo cos mineiros e van a unha localidade de Gales. O contraste entre o grupo londinense, todo cor, co gris que

envolve a localidade mineira provoca momentos brillantes.

Pride pecha o primeiro ciclo da tempada. Estamos elaborando o segundo ciclo, catro películas de febreiro a maio.

O cineclub Poleiro conta co apoio da Concellería de Cultura do Concello de Tomiño e da Federación de Cineclubes de Galicia.

Tomiño aposta, un ano máis, pola promoción de grupos musicais locais

O Concello de Tomiño ven de aprobar en xunta local o "circuito cultural" para o ano 2016. O programa vai dirixido a comisión e organizadores de festas a través do cal accederán a un desconto no custo a hora de contratar grupos de música tomiñeses.

As comisións de festas poderán contratar de xeito subvencionado grupos musicais tomiñeses que inclúen banda de música, as corais, as bandas de gaitas con máis de 30 compoñentes os grupos de gaitas, as treboadas e as pandereteiras e as murgas. Os grupos tomiñeses que se inclúen xa asinaron previamente co Concello un convenio no cal aceptaban ditas condicións, e amosaron a súa satisfacción por esta iniciativa.

Para que as comisións de festas poidan acceder a dita axuda deben en primeiro lugar contratar o grupo e fixar a súa actuación e comunicarllo por escrito a Concellería de Cultura cunha antelación de 30 días. A

aportación do Concello materializarase unha vez que a comisión de festas presente recibo de pago a dito grupo. Solo se poderá presentar unha solicitude por evento.

Esta iniciativa leva funcionando dende o ano 2012 e ten favorecido a promoción e contratación de grupos musicais locais. No ano 2015 rexistráronse máis dun centenar de solicitudes adscritas ao "circuito cultural" beneficiándose tanto os grupos como as comisións de festas. Este ano 2016 o número de grupos que participan no programa se incrementa e acadan a quincena. Os grupos que participan no "circuito cultural" 2016 correspóndense con corais, treboadas, bandas de música, grupo de gaitas, murgas e charangas e acordeóns.

A Concelleira de Cultura, Cristina Martínez, comenta que "este é un xeito máis equitativo de promocionar os grupos musicais de Tomiño e de favorecer a súa presenza e contratación dentro do noso municipio".



BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Entroido en Tomiño

Foto: Hernández



Foto: Hernández



Foto: Hernández



A GUARDA

O Concello da Guarda toma medidas de seguridade no pavillón de Solanas



O pasado venres día 12 de febreiro o equipo de goberno do concello da Guarda, en vista do estado de deterioro que presenta o pavillón do CEIP As Solanas e das malas previsións meteorolóxicas, encargou a redacción dun informe urxente sobre a situación de risco que presentaba esta instalación ao aparelador municipal. En base ao informe técnico o alcalde ordenou, na mañá do mesmo venres, o vado do pavillón por cuestións de seguridade dado que se estaban desprendendo pequenos fragmentos da cuberta. A súa vez comunicou esta situación a Dirección do Centro e a Xefatura Provincial de Educación, con quen ven tendo contactos para solicitar o arranxo do pavillón dende fai moitos meses. Na mesma comunicación o alcalde instou ao Xefe provincial a que enviara o convenio que deben asinar a Consellería de Educación e o Concello da Guarda para financiar as obras cuxo valor ascende a 150.000€, que costearán as dúas administracións ao 50%. Como medida adicional e para minimizar a situación de risco o concello encargou a unha empresa que accedera a cuberta do pavillón para facer unha revisión do estado da cuberta e retirar aqueles fragmentos que presentan risco de desprendemento. Para executar a obra é necesario, ademais de asinar o convenio, a redacción dun pro-

xecto por parte da Consellería e a aprobación da proposta de investimento por parte da Deputación, dado que A Guarda obterá os fondos necesarios do Plan Concellos que a Deputación destina para investimentos nas entidades locais. Nestes momentos aínda que o informe do técnico municipal recomenda non usar o pavillón so cando haxa algunha alerta por mal tempo, a dirección do centro de acordo coa inspección educativa tomou a decisión de impedir o seu uso a espera de que os servizos técnicos da Xefatura Provincial de Educación fagan unha valoración do risco. Dada a incomodidade que o peche do pavillón está a provocar na comunidade educativa o alcalde ofreceuse a manter unha xuntanza coa directiva da ANPA e solicitou á dirección do centro que convoque unha reunión informativa co profesorado e pais e nais de alumnos para responder as súas dúbidas. O equipo de goberno municipal fará todo o que estea na súa man para que a reparación da cuberta do pavillón das Solanas se faga o antes posible. Dende o concello trasladouse Xefe Provincial de Educación e aos servizos técnicos a necesidade de axilizar a tramitación para provocar o mínimo prexuízo tanto aos alumnos do colexio como as diferentes equipos deportivos que utilizan a instalación fora do horario lectivo.

A GUARDA

Aprazado o Desfile-Concurso de Entroido da Guarda

As malas condicións climatolóxicas fixeron que o Concello decidise cambiar a data de celebración para a próxima fin de semana.

O Concello da Guarda decide aprazar o Desfile-Concurso de Entroido da vila por mor das malas condicións climatolóxicas. As previsións de chuvia fan que sexa necesario aprazar esta actividade.

A organización informa que este desfile se celebrará a próxima fin de semana, do sábado 13 ou domingo 14 de febreiro. A data será comunicada nos próximos días.

A pesar de que o desfile está aprazado mañá martes na carpa da Alameda dende as 18 horas haberá música da man da orquestra YUKATAN. O Concello da Guarda quere pedir desculpas polas molestias.

Inauguración da mostra "Auga Salgada" de Manuel Chapela

Os óleos estarán expostos no Centro Cultural dende o 4 ata o 24 de febreiro

Este xoves, 4 de febreiro, inaugúrase, no Centro Cultural da Guarda a mostra "Auga Salgada" do pintor moañés Manuel Chapela. A apertura de portas desta exposición será ás 19,30 horas.

Durante o mes de febreiro a Sala de Exposicións do Centro Cultural encherase cunha mostra de vinte óleos con temática mariña. Ondas, rompentes, treboadas, barcos, chalanas, lembranzas do Atlántico

e incluso Terras de Outono, conforman a proposta deste artista autodidacta.

As súas pinturas xa visitaron, con gran éxito, as principais salas de exposición de cidades coma Vigo, Pontevedra, Moaña, Marín, Tui e Cangas.

O horario de apertura será de luns a venres en horario de 10 a 13 horas e de 17 a 20 horas. Os sábados só en horario de mañá.



AUGA SALGADA

EXPOSICIÓN DE PINTURA
MANUEL CHAPELA

No Centro Cultural

Do 4 ao 24 de febreiro de 2016

Horario: De luns a venres e sábado de mañán
De 10 a 13 h. e de 17 a 20 h.

Apertura: xoves, día 4 ás 19,30 h.



Ciclo de charlas "Manual de instrucións para educar" na Guarda

Os encontros se celebrarán o último martes de cada mes, sendo a primeira cita o 23 de febreiro. As xuntanzas serán na Casa dos Alonsos ás 19,30 horas

Chegamos ao mundo sendo fillos pero, quen nos ensina a educar e a ser nais ou pais? A través do ciclo de Charlas "Manual de instrucións para educar" organizado polo Programa de Educación Familiar e a OMIX do Concello da Guarda, o que se pretende é compartir pautas sinxelas e ofrecer un espazo de reflexión e intercambio de experiencias, para poder axudas ás nais, pais e educadores/as a lograr o pleno desenvolvemento dos nenos e nenas e adolescentes para facilitar a convivencia familiar.

Educación aos fillos e fillas é unha aprendizaxe diaria, polo que, nestas charlas se aportarán vías para resolver conflitos de forma construtiva, reforzando a comunicación e o diálogo como claves na relación entres nais e pais con fillos e fillas. Nestes encontros falarase das normas e dos límites coma un dereito dos rapaces e rapazas ofrecendo tamén ferramentas alternativas para poder achegarse á realidade de eses nenos e nenas.

Para realizar esta actividade contarase coa colaboración do terapeuta familiar Esteban

Figueirido, que será o encargado de guiar estas charlas.

Ademais o que se pretende é que os participantes nos encontros tamén expoñan as súas vivencias para poder intercambiar as experiencias.

Datas e temas

As charlas celebraranse o último martes de cada mes ás 19,30 horas, na Casa dos Alonsos. Así, o primeiro destes encontros está programado para o próximo 23 de febreiro. "Mellorando a comunicación na familia: como falar para que os fillos escoiten e como escoitar para que os fillos falen", é o título que ten esta primeira charla.

O 29 de marzo terá lugar a charla "Ensinando a dicir non. Asertividade, normas e límites", a seguinte é o 26 de abril e levará por nome "Pautas para fomentar a autoestima dos fillos e fillas".

O ciclo de charlas se pechará o 24 de maio co tema "Do berce á adolescencia. Ferramentas útiles con adolescentes".

O Concello da Guarda quere convidar a todos os pais e nais, educadores/as e a todos aqueles veciños e veciñas interesados na educación a participar nestas charlas e axudar a crear un espazo enriquecedor no que falar e contar experiencias propias.

Manual de instrucións para educar

pais, nais, educadores/as, avos, avoas,...

- ★ 23 febreiro: Mellorando a comunicación na familia ★
- ★ 29 marzo: Ensinando a dicir non! ★
- ★ 26 abril: Pautas para fomentar a autoestima ★
- ★ 24 maio: Do berce á adolescencia ★

Casa dos alonsos 19:30

educación familiar
omix
986614546 986614507

BIAXO MIÑO

A GUARDA

Os participantes do programa de Mentoring realizan un vídeo para mostrar o seu traballo



O Concello da Guarda leva meses traballando nun programa de Mentoring que ten coma obxectivo axudar as persoas a mellorar tanto profesional como persoalmente.

Dende o mes de outubro un grupo de xoves participan neste programa de asesoramento e acompañamento persoal para a posta en marcha dun novo negocio.

O camiño percorrido, os seus logros e in-

quedanzas e tamén os obxectivos marcados por eles mesmos e por os seus profesores, son os contidos dun vídeo onde os protagonistas son os participantes do "Mentoring".

Neste vídeo mostran, desta maneira, o resultado real desta iniciativa promovida pola OMIX e a ADEL do Concello da Guarda. Ademais, grazas a que algúns dos participantes xa conseguiron as súas metas e na

actualidade están a traballar, este vídeo serve para animar a outros veciños e veciñas da vila a participar no programa de Mentoring.

Aqueles que estean interesados poden solicitar información na OMIX e a ADEL no Concello da Guarda e no teléfono 986 61 00 00.

Neste enlace pode verse o vídeo: <https://youtu.be/1FM01hSkhDE>

Charla informativa sobre o picudo vermello das palmeiras

O Concello da Guarda organizou unha charla informativa sobre o picudo vermello que afecta ás palmeiras, no Centro Cultural.

Neste encontro, Técnicos de Agricultura da OAC informaron aos veciños e veciñas interesados, da maneira de minimizar o impacto deste fenómeno e dos métodos de control, ademais do protocolo a seguir para tratar os restos das palmeiras afectadas polo picudo vermello.

O Concello ofrece asesoramento sobre a regulación catastral



A Dirección Xeral do Catastro está realizando durante o período de 2013-2016 un procedemento de regulación catastral en todo o territorio nacional, incluíndo a vila da Guarda.

Este procedemento está sendo notificado ós contribuíntes que resulten afectados. Estes dispoñen dun prazo de 15 días dende a recepción da notificación para presentar as alegacións que estimen oportunas.

O Concello da Guarda ofrece asesoramento sobre esta regulación catastral aos seus veciños e veciñas. Así todas aquelas persoas que precisen algunha aclaración a maiores, poden dirixirse á Oficina de Xestión Tributaria coa notificación recibida (R/ José M^a Andreini 6 Bx). Alí o persoal explicará en que consiste a alteración levada a cabo nos inmobles e, se fose o caso, se lle asesorará nas alegacións a presentar, tanto pola alteración catastral como pola taxa administrativa ou ben para corrixir posibles erros.

CONFERENCIAS GRATUITAS

¿PARA QUE ENFERMA O TEU CORPO?

A RELACIÓN ENTRE AS EMOCIÓN E AS ENFERMIDADES

Ponente: M^a Jesús Alfonso Amoedo
Psicoterapeuta, coach, especialista en PNL

Xoves 18 de febreiro ás 8 da tarde
Casa da Cultura de Tomiño

Venres 19 de febreiro ás 8 da tarde
Centro Cultural de A Guarda

Xoves 25 de febreiro ás 8 da tarde
Auditorio Ángel Bedriñana
(Praza Abastos) de Baiona

Venres 26 de febreiro ás 8 da tarde
Sala de Exposicións
(baixo Concello) de O Rosal

ORGANIZA:

Asesoramento Ámbito Bacia Miño
Oficina 20.042 3. Febrade 2016
986.61.00.00
www.erguete.org

COLABORAN:

Compromiso maioritario das forzas políticas coa moción para o cumprimento da Carta Europea das Linguas e a derogación do decreto contra o galego

As forzas políticas asinantes da Declaración de Unidade a prol da normalización, agás o PP, presentarán a moción conxuntamente nas institucións.

Diversas forzas políticas con representación municipal e parlamentaria mostraron hoxe o seu apoio a unha moción que pretende “facer visíbel en Galiza e no mundo que somos maioría quen queremos poder exercer con total liberdade o dereito a vivirmos na nosa lingua, e que o pobo galego tamén quere que o seu goberno cumpra cos acordos tomados colectivamente e ratificados a nivel internacional como Carta Europea das Linguas”.

“O decreto está morto, ninguén o defende” sinalou Marcos Maceira, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, en referencia ás posicións públicas das principais institucións culturais e educativas galegas, entre elas a Real Academia Galega, o Consello Escolar de Galiza, a maioría das ANPAS, os sindicatos, e agora por segunda vez o Consello de Europa, o que pon “gravemente en cuestión a fiabilidade internacional e o crédito político do

goberno galego e en consecuencia de todas e todos nós”. Por isto, para a Mesa, “é urxente visibilizar que estamos unidas as organizacións políticas e as entidades sociais procurando que o noso goberno cumpra cos compromisos colectivos e internacionais sobre a lingua” e que “garanta plenamente a posibilidade de vivirmos en galego como mellor política de promoción do idioma”.

“A parálise do goberno galego en relación ao galego é o motor do seu retroceso, por iso cómpre actuar para avanzar, con unidade en torno a aspectos básicos como o cumprimento do PXNLG e a Carta Europea, tal como se acordou na Declaración de Unidade asinada en xullo, e colocando a lingua como o que é: a principal obra colectiva, sinal de identidade e cohesión social do pobo galego, que precisa de ser cuestión de política nacional por riba das lexítimas diferenzas

ideolóxicas”, aspecto no que coincidiron todas as forzas políticas presentes.

En representación dos partidos que presentaran a moción nos concellos onde teñen representación acudiron: Xa-



vier Xil Xardón (Resp. Lingua de Anova-IN), Ana Pontón Mondelo (Parlamentaria do Bloque Nacionalista Galego), Fernando Alonso (secretario xeral de Coalición Galega),

Consuelo Martínez (Parlamentaria de Cerna), Manoel Vello (Executiva de Compromiso por Galicia), Xaime Requeixo (Executiva de Convergencia 21), Xabier Ron (Parlamentario, membro executiva de Esquerda Unida), Xesús Manuel Suárez (Presidente do Partido Galeguista), María Concepción Burgo (Parlamentaria do PSdG-PSOE), e enviaron a súa adhesión Terra Galega e Alternativa dos Veciños.

A moción insta á Xunta de Galiza a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.
- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do

informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

-Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

UNIMINHO canalizará relacións dos Municipios transfronteiriços com Gas Fenosa sobre barragem da Frieira

Pretende-se assinar um acordo de colaboração para que a elétrica facilite dados da sua atividade em tempo real e apoie a realização de estudos sobre o ecossistema do Minho.

Representantes da associação luso-galaica reuniram-se com diretores da secção hidroelétrica, que deram a conhecer in loco a barragem.



A UNIMINHO - Associação Transfronteiriça do Vale do Minho vai canalizar as relações deste território transfronteiriço com a empresa Gás Natural Fenosa para os assuntos relacionados com a barragem de Frieira. Pretende-se assinar um acordo de parceria para que a elétrica forneça, de forma periódica, dados diretamente ao organismo galaico-português e apoie a realização de estudos sobre o ecossistema do Minho que é

afetado pela sua atividade. A finalidade é abrir uma via de comunicação direta para resolver os problemas que possam apresentar e que preocupam as autarquias locais e associações ambientais.

Até à data, a Gas Natural Fenosa não mantinha nenhum tipo de contacto bilateral com os concelhos de Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra, Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda pela parte espanhola e Melgaço, Monção, Va-

lença, Vila Nova de Cerveira e Caminha pela parte portuguesa. Aquela empresa não transmitia informações sobre mudanças de volume nem tão pouco de outras incidências próprias da atuação da barragem no caudal do rio. Assumindo o papel de intermediário, a UNIMINHO poderá agilizar a resolução de dúvidas municipais e possíveis contratempos devido à existência de uma 'linha direta' de contacto.

Graças a este acordo, existe ainda a possibilidade da empresa elétrica colaborar na realização de estudos sobre o ecossistema do rio Minho para assim minimizar os potenciais riscos. De facto, em várias ocasiões, as associações de pescadores têm solicitado aos municípios e às demais autoridades competentes na matéria a elaboração de pesquisas por possíveis ameaças ao meio.

Visita à barragem

O princípio de acordo para esta parceria futura entre UNIMINHO e a Gas Natural Fenosa ficou estabelecido durante o encontro realizado passado, 3 de fevereiro, tendo a direção da UNIMINHO sido representada pelos

autarcas de Melgaço e de Vila Nova de Cerveira, Manoel Batista e Fernando Nogueira, e pelo deputado de Cooperação Transfronteiriça da Deputação de Pontevedra, Uxío Benítez. Esta reunião serviu para os representantes da associação luso-galaica conhecerem a barragem e os trabalhos de gestão para a manutenção das condições ambientais exigidas pelas administrações. Neste sentido, os diretores da secção hidroelétrica daquela companhia confirmaram que o regime de funcionamento de Frieira e Frieira CE (caudal ecológico) cumpre as condicionantes ambientais que regem as instalações.

A barragem de Frieira tinha, até há alguns anos, um 'teleférico' para que os salmões e demais espécies pudessem subir o rio. Também se projetou outra estrutura que não foi aceite pela Junta de Galiza e que se tornou um capturadeiro em que chegam a recolher até uma tonelada de enguia por cada temporada de pesca, segundo os dados da Gás Natural Fenosa.

Nas próximas semanas, representantes de UNIMINHO e da Gas Natural Fenosa vão realizar novos encontros para concretizar e trazer o acordo de cooperação.

Emilio Rúa presentou en Madrid "Querida alegría"

Interpretou temas da súa última publicación, financiada vía crowdfunding



■ Emilio Rúa nun momento da súa interpretación

“Este é o disco máis sinxelo e o disco máis eu”, na Casa de Galicia en Madrid, o cantautor Emilio Rúa do seu último traballo “Querida alegría”, o sexto da súa carreira financiado vía crowdfunding, no que mestura cancións inéditas, versións doutros discos e revisións de temas populares, ademais de contar coa colaboración das cantareiras e pandereiteiras Xestreu, Carlos Blanco, o músico vasco Kepa Junquera e o guitarrista Daniel Minimalia. Rúa ofreceu esta tarde, na Casa, ante case un centenar de persoas, un amplo recital de guitarra e voz co mesmo nome, cos temas do novo

traballo así como outras cancións de discos anteriores. Ramón Jiménez, coordinador de Actividades, en nome do delegado da Xunta José Ramón Ónega, lembrou anteriores proxectos discográficos de Emilio Rúa como “Destino Sur”, que presentou nesta mesma sala en setembro de 2014; “Despois de ti, a chuvia”, en colaboración co escritor Xosé Carlos Caneiro; “Interior”; “Vida Miña” e o primeiro, do ano 2000, a súa carta de presentación, ao que chamou simplemente “Emilio Rúa”. Jiménez evocou especialmente que a canción “Vida miña”, do disco do

mesmo nome, foi elixida no seu momento polos lectores do diario La Voz de Galicia como unha das dez mellores cancións galegas de todos os tempos.

ción de destacados intérpretes como Budiño; Guadi Galego e Quim Farinha, de Berroqueto; Marcos Teira, de Marful; ou Carlos Castro, Lucía Pérez, Uxía e Kepa Junquera, entre outros artistas invitados. E compartiu escena en diferentes festivais con Fito y los Fitipaldis, Rosendo, Carlos Núñez, Dover, Budiño, Pedro Guerra, Ismael Serrano, Uxía Pedreira, Luz Casal, Luís Tosar, Cómplices...

Rúa, a pesar da súa mocidade ten xa unha dilatada traxectoria de tres décadas e a explicación é que comezou a súa andaina artís-

catro irmáns, co que viaxou por Galicia e as zonas limítrofes de Castela, Asturias e Portugal. En 1999 foi premiado no festival “Lluvia como risa furiosa”, de Verín, o que propiciou a aparición do seu primeiro disco. Alcanzou logo outras distincións, de ámbito nacional, cantando en galego, entre as que cabe citar o premio que obtivo no certame de cantautores Cantigas de mayo (Ceutí 2004), e o de Nuevos cantautores de Elche en 2006. En canto a actuacións destacadas, mencionar as de Universidad, Festival de la Luz, e



■ Case un centenar de persoas acudiron a “la Casa” ao concerto.



■ Emilio Rúa firmando discos.



■ Jiménez e Rúa minutos antes do concerto.

Así mesmo sinalou que Emilio Rúa é un “músico de raza” que na súa carreira contou coa colabora-

tica aos sete anos de idade no grupo musical Concorde Atenea, integrado polo seu pai e os seus

adiantar tamén que é artista galego invitado na próxima xira de Víctor Manuel 2016.